



**ACTA NÚM. 14 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN  
QUE TIVO LUGAR O DÍA 29 DE OUTUBRO DE 2020.  
(CELEBRADA POR MEDIOS TELEMÁTICOS)**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **17:17 horas** do día **29 de outubro de 2020**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

Sesión Telemática Zoom ID de reunión: 995 7361 8316

**A S I S T E N:**

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente (presente no salón de sesións)

**PSdeG-PSOE:**

Dona Mercedes Rosón Ferreiro

Don Gumersindo Guinarte Cabada (presente no salón de sesións)

Dona María Milagros Castro Sánchez

Don Gonzalo Muíños Sánchez

Dona Marta Abal Rodríguez

Don José Manuel Pichel Patiño

Don José Javier Fernández Martínez

Dona María Esther Pedrosa Carrete

Don Rubén Pol Mariño

**PP:**

Dona Ana Belen Sabel Iglesias

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela (presente no salón de sesións)

Dona María Angeles Antón Vilasánchez

Don José Antonio Constenla Ramos

Don Evaristo Ben Otero

Don Ramón de Jesús Quiroga Limia

Dona Beatriz Cigarrán Vicente

Dona María Castelao Torres

**CA:**

Dona Branca Petra Novo Rey

Dona Marta Irene Lois González (presente no salón de sesións)

Don Jorge Carlos Duarte Vázquez

Dona María Rozas Pérez

Don Xan Xesús Duro Fernández.

**BNG:**



Dona María Goretti Sanmartín Rei (presente no salón de sesións)  
Dona Navia Rivas de Castro.

D. Juan Ramón González Carnero, interventor xeral municipal.

José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Se presupón ao non manifestar ningún dos/as asistentes o contrario que todos/as se encontran en territorio español.

### **ORDE DO DÍA:**

- 1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do 24 de setembro e extraordinaria do 8 de outubro, ambas deste ano.**
- 2. Ratificación da inclusión dos puntos números 3, 4 e 5 na orde do día, para ser tratados na sesión.**
- 3. Aprobación do expediente de modificación de crédito mediante crédito extraordinario núm. 2020-CREXT-12, financiado con baixas por anulación.**
- 4. Aprobación do expediente de crédito extraordinario núm. 2020-CREXT-13, financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2019.**
- 5. Aprobación do expediente de crédito extraordinario núm. 2020-CREXT-14, financiado con baixas por anulación e modificación da base 33.2 de execución do orzamento municipal para o exercicio 2020.**
- 6. Proposta do concelleiro delegado de turismo de adhesión do Concello de Santiago á Rede de Destinos Turísticos Intelixentes.**
- 7. Proposición presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta contra as violencias machistas e para relanzar o compromiso activo coa conmemoración do 25-N.**
- 8. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para duplicar a partida destinada a arranxar os centros de ensino.**
- 9. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para crear o roteiro “Compostela, encontro dos camiños”.**

**10. Proposición presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta sobre o servizo de axuda no fogar e a súa próxima licitación.**

**11. Proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular para a creación dun rexistro de chamadas á Policía Local que detalle as demandas cidadás e os impedimentos para a súa atención.**

**12. Proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular sobre a organización e xestión dos centros socioculturais.**

**13. Dar conta de resolucións da alcaldía de datas 25 de setembro (nomeamento concelleiros/as delegados/as) e de 28 de setembro (dedicación exclusiva).**

**14. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.**

**15. Rogos, preguntas e interpelacións.**

**Rogos:**

Do grupo municipal de CA, de data 8 de outubro de 2020, núm. 305.  
Do grupo municipal de CA, de data 9 de outubro de 2020, núm. 310.  
Do grupo municipal do BNG, de data 20 de outubro de 2020, núm. 321.  
Do grupo municipal do BNG, de data 20 de outubro de 2020, núm. 322.  
Do grupo municipal do BNG, de data 20 de outubro de 2020, núm. 323.  
Do grupo municipal de CA, de data 20 de outubro de 2020, núm. 331.  
Do grupo municipal do PP, de data 21 de outubro de 2020, núm. 337.  
Do grupo municipal do PP, de data 21 de outubro de 2020, núm. 338.  
Do grupo municipal do PP, de data 21 de outubro de 2020, núm. 339.

**Preguntas resposta oral:**

Do grupo municipal do BNG, de data 20 de outubro de 2020, núm. 317.  
Do grupo municipal do BNG, de data 20 de outubro de 2020, núm. 318.  
Do grupo municipal de CA, de data 20 de outubro de 2020, núm. 332.  
Do grupo municipal do BNG, de data 21 de outubro de 2020, núm. 334.  
Do grupo municipal do PP, de data 21 de outubro de 2020, núm. 340.  
Do grupo municipal do PP, de data 21 de outubro de 2020, núm. 341.  
Do grupo municipal do PP, de data 21 de outubro de 2020, núm. 342.  
Do grupo municipal de CA, de data 21 de outubro de 2020, núm. 346.

**Preguntas resposta escrita:**

Do grupo municipal do BNG, de data 18 de setembro de 2020, núm. 286.

Do grupo municipal de CA, de data 24 de setembro de 2020, núm. 300.  
Do grupo municipal do BNG, de data 28 de setembro de 2020, núm. 302.  
Do grupo municipal do PP, de data 30 de setembro de 2020, núm. 303.  
Do grupo municipal de CA, de data 6 de outubro de 2020, núm. 304.  
Do grupo municipal de CA, de data 8 de outubro de 2020, núm. 307.  
Do grupo municipal de CA, de data 14 de outubro de 2020, núm. 312.  
Do grupo municipal do BNG, de data 20 de outubro de 2020, núm. 319.  
Do grupo municipal do BNG, de data 20 de outubro de 2020, núm. 320.  
Do grupo municipal do BNG, de data 21 de outubro de 2020, núm. 335.  
Do grupo municipal do BNG, de data 21 de outubro de 2020, núm. 348.

#### **16. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais:**

1. Rexistro de entrada do día 16 de outubro de 2020, núm. 314, presentada polo grupo municipal de CA, para garantir a continuidade das artes de rúa desde o comezo de 2021.
2. Rexistro de entrada do día 20 de outubro de 2020, núm. 324, presentada polo grupo municipal do BNG, para instar á Xunta a que presente o servizo de comedor no CEIP Casas Novoa, na Sionlla, que non activou neste curso 2020-2021.
3. Rexistro de entrada do día 20 de outubro de 2020, núm. 325, presentada polo grupo municipal do BNG, para poñer en marcha medidas preventivas das violencias de xénero en Santiago de Compostela.
4. Rexistro de entrada do día 20 de outubro de 2020, núm. 326, presentada polo grupo municipal do BNG, para a reposición de servizos de tren suprimidos, a creación dun plan de mellora da rede ferroviaria e do ente ferroviario galego.
5. Rexistro de entrada do día 20 de outubro de 2020, núm. 327, presentada polo grupo municipal do BNG, para a reactivación da asistencia sanitaria.
6. Rexistro de entrada do día 21 de outubro de 2020, núm. 333, presentada polo grupo municipal de CA, para que se execute o acordo plenario sobre a creación dunha comisión encargada de determinar a forma máis sustentable e eficiente de xestionar os servizos de abastecemento de auga e saneamento.
7. Rexistro de entrada do día 21 de outubro de 2020, núm. 336, presentada polo grupo municipal de CA, para presentar o mapa de necesidades escolares e a aprobación dun plano plurianual de actuacións nos centros escolares de infantil e primaria de Santiago.
8. Rexistro de entrada do día 21 de outubro de 2020, núm. 343, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para instar ao Goberno do Estado ao ingreso da contía do IVE sen liquidar de 2017 que lle corresponde ao concello.
9. Rexistro de entrada do día 21 de outubro de 2020, núm. 344, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para a mellora do parque de Ponte Pereda en Conxo.
10. Rexistro de entrada do día 21 de outubro de 2020, núm. 345, presentada polo grupo municipal de CA, para que os concellos reciban 1/3 das axudas con orixe nos fondos europeos de recuperación.

11. Rexistro de entrada do día 21 de outubro de 2020, núm. 347, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para facer efectivas medidas de apoio á igualdade e loita contra a violencia de xénero.

Antes de comezar o estudo dos asuntos incluídos na orde do día, gárdase un minuto de silencio polas vítimas de violencia de xenéro e da Covid.

Seguidamente teñen lugar as seguintes intervencións, e na seguinte orde:

Dona Yurisbey Gutiérrez, en relación á pregunta oral do BNG, sobre o servizo de axuda no fogar.

A continuación Dona Soledad García del Río, en relación á proposición presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, sobre o servizo de axuda no fogar.

En terceiro e último lugar, Don Antón Coucheiro Failde, en relación á moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, sobre a continuidade das artes de rúa dende comezos de 2021.

A continuación procédese á votación para a inclusión por urxencia na orde do día da presente sesión, que é aprobada por unanimidade, dos seguintes asuntos:

**Aprobación do expediente de modificación do artigo 33.2 das bases de execución do orzamento de 2020 no que respecta ao obxecto da subvención nominativa a favor da Federación Gallega de Kárate e disciplinas asociadas.**

**Moción de urxencia presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para reclamar medidas para paliar os efectos da declaración do estado de alarma (R.D. 926/2020).**

**Declaración institucionais:**

**Recuperación dos servizos ferroviarios suprimidos en Galicia.**

**Manuel Quintáns Suárez.**

**Cumpriméntase así:**

**1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA DO 24 DE SETEMBRO E EXTRAORDINARIA DO 8 DE OUTUBRO, AMBAS DESTE ANO.**

O Pleno da Corporación aprobou por unanimidade as actas correspondentes ás sesións ordinaria do 24 de setembro e extraordinaria do 8 de outubro, ambas do corrente ano.

## **2. RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN DOS PUNTOS NÚMEROS 3, 4 E 5 NA ORDE DO DÍA, PARA SER TRATADOS NA SESIÓN.**

O Pleno da Corporación ratifica por unanimidade a inclusión dos puntos que figuran como números 3, 4 e 5 na orde do día.

## **3. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚMERO 2020-CREXT-12, FINANCIADO CON BAIXAS POR ANULACIÓN.**

O informe proposta emitido polo técnico da oficina de orzamentos e que trae o conforme da concelleira delegada da área, de data 15 de outubro do corrente ano, ten o seguinte contido:

### **“I. NORMATIVA APLICABLE**

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), artigos 177.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 36 e 37.

Real Decreto Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Artigos 12 e 13 das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2020.

### **II. ANTECEDENTES**

Informe proposta con data de 14.10.2020 do inspector principal xefe accidental da Policía Local (responsable administrativo do CX 02) co conforme do técnico de xestión e programación cultural (responsable do CX 29 que cede crédito) e proposta do Concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Festas, de necesidade de tramitación de expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-12.

Operación RC que financia o crédito extraordinario co número de operación 220200018476 e número de referencia 22020005995.

### **III. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE**

Unha vez analizado o informe proposta que forma parte do inicio do expediente e a documentación que figura no apartado de antecedentes do mesmo que dá soporte á solicitude de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2020-CREXT-12, segundo opinión da oficina orzamentaria queda acreditada a especificidade e determinación do novo gasto proposto, a xustificación da súa necesidade e a súa inmediatez sen posibilidade de demora para o exercicio seguinte.

O expediente que se presenta a aprobación pretende habilitar crédito nunha aplicación orzamentaria nova do capítulo 6 de investimentos do orzamento 2020 -060 13200 6240001-, a incluír nun novo proxecto de gasto que se crea ao efecto -2020 4 VEHPL 59-, para atender á necesidade manifestada polo servizo municipal da Policía Local de adquisición dun vehículo todo terreo que permita a mobilidade aos membros do corpo por certas vías do termo municipal.

#### **IV. FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA**

Como recurso que financia este crédito extraordinario, o artigo 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, sinala que os créditos extraordinarios poden financiarse indistintamente con algúns dos seguintes recursos:

- a) Por conta do remanente líquido de tesourería calculado consonte os artigos 101 a 104.
- b) Por conta de novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente.
- c) Mediante anulacións ou baixas de crédito doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

No caso que nos ocupa, esta proposta de crédito extraordinario finánciase con baixas por anulación do crédito dispoñible existente de importe 18.029,00 euros, no orzamento do exercicio 2020 na aplicación orzamentaria 060 33800 2269900, cuxas dotacións se estiman reducibles no momento actual, dado que a finalidade deste crédito é a de dar cobertura ás actividades do departamento de festas do Concello, actividades que se viron alteradas con motivo da pandemia xerada pola COVID-19, o que obrigou á suspensión de moitas das actividades que se tiñan previsto celebrar con motivo das festas municipais e para as que se dispuña de crédito no orzamento actual. Neste sentido, tense realizado unha operación contable RC polo importe da modificación proposta co número de operación 220200018476 e número de referencia 22020005995 que garante o seu financiamento.

No relativo á modalidade de modificativo proposta -crédito extraordinario financiado con baixas por anulación- cómpre facer as seguintes consideracións:

O crédito extraordinario financiado con baixas por anulación é unha modificación de natureza cualitativa na medida en que altera a cualidade do gasto sen modificar a contía total do estado de gastos do orzamento municipal. Inciden unicamente no orzamento de gastos incrementando o crédito dunhas aplicacións por conta de minorar -baixa por anulación-, no mesmo importe global, o de outras.

Todas as aplicacións orzamentarias implicadas -nas que se dota o crédito no capítulo 6 de gasto e nas que se declara a baixa no capítulo 2 de gastos- pertencen ao mesmo capítulo de gasto non financeiro polo que a modificación proposta non impacta, en termos de incremento de gastos desa natureza, no cumprimento do obxectivo de estabilidade, nin da regra de gasto, mantendo o equilibrio orzamentario global.

#### IV. PROPOSTA

De conformidade co establecido nos artigos 12 e 13 das Bases de execución do Orzamento Municipal de 2020, e de acordo co establecido no artigo 177 e ss. do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e demais disposicións vixentes na materia,

**PROPONSE** que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se decrete a incoación do expediente de modificación de créditos mediante crédito extraordinario do Orzamento municipal do ano 2020 baixo o número de referencia **2020-CREXT-12**, dando traslado á Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas para o seu ditame e posterior aprobación polo Pleno, previo sometemento do acordo á Xunta de Goberno Local, en relación á seguinte proposta:

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente de crédito extraordinario co número 2020-CREXT-12 con base ao contido do informe proposta que forma parte do expediente, por un monto global de **DEZAOITO MIL VINTE E NOVE EUROS (18.029,00 euros)** para a adquisición dun vehículo todo terreo para a Policía Local, financiado con baixas por anulación.

En resumo:

| CRÉDITO EXTRAORDINARIO                                               |                     |       |         |                   |           |         | FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN                                                     |                     |       |         |           |  |
|----------------------------------------------------------------------|---------------------|-------|---------|-------------------|-----------|---------|-----------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|-------|---------|-----------|--|
| DESCRICIÓN                                                           | APLICACIÓN DE GASTO |       |         | PROXECTO DE GASTO | IMPORTE   | TIPO MC | DESCRICIÓN DETALLADA                                                                    | APLICACIÓN DE GASTO |       |         | IMPORTE   |  |
| Subministro dun vehículo todo terreo para o servizo da policía local | 060                 | 13500 | 6240001 | 2020 4 VEHPL 59   | 18.029,00 | CE      | Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 060 33800 2269900 | 060                 | 33800 | 2269900 | 18.029,00 |  |
|                                                                      |                     |       |         |                   | 18.029,00 |         |                                                                                         |                     |       |         | 18.029,00 |  |

Este expediente terá o seguinte detalle:



A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

| DESCRICIÓN                                                           | APLICACIÓN DE GASTO |       |         | PROXECTO DE GASTO | IMPORTE          |
|----------------------------------------------------------------------|---------------------|-------|---------|-------------------|------------------|
| Subministro dun vehículo todo terreo para o servizo da policía local | 060                 | 13200 | 6240001 | 2020 4 VEHPL 59   | 18.029,00        |
|                                                                      |                     |       |         |                   | <b>18.029,00</b> |

B) Financiamento:

| DESCRICIÓN DETALLADA                                                                    | APLICACIÓN DE GASTO |       |         | IMPORTE          |
|-----------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|-------|---------|------------------|
| Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 060 33800 2269900 | 060                 | 33800 | 2269900 | 18.029,00        |
|                                                                                         |                     |       |         | <b>18.029,00</b> |

Baixas por anulación: **18.029,00 euros**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

| EXPRESIÓN                                               | IMPORTE     |
|---------------------------------------------------------|-------------|
| 1.- Total crédito extraordinario .....                  | 18.029,00 € |
| 2.- Total suplemento de crédito .....                   |             |
| 2.- Financiamento                                       |             |
| a) Novos ingresos .....                                 |             |
| b) Baixas por anulación .....                           | 18.029,00 € |
| c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais ... |             |

**SEGUNDO:** Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerase ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

**TERCEIRO:** Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2020-CREXT-12 se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

**CUARTO:** Igualmente seranlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-12 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.”

Consta no expediente informe de intervención de data 22 de outubro do corrente ano, ref. 944/2020, en relación a este expediente, e acordo da Xunta de Goberno Local de aprobación do proxecto de data 23 de outubro do corrente ano.

Á vista do informe proposta e demais documentación que obra no expediente, e o ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas correspondente á sesión extraordinaria e urxente do día 29 de outubro do corrente ano, o Pleno da Corporación por 18 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (5 CA e 2 BNG) acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente de crédito extraordinario co número 2020-CREXT-12 con base ao contido do informe proposta que forma parte do expediente, por un monto global de DEZAOITO MIL VINTE E NOVE EUROS (18.029,00 euros) para a adquisición dun vehículo todo terreo para a Policía Local, financiado con baixas por anulación.

En resumo:

| CRÉDITO EXTRAORDINARIO                                               |                     |       |         |                   |           |         | FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN                                                     |                     |       |         |           |  |
|----------------------------------------------------------------------|---------------------|-------|---------|-------------------|-----------|---------|-----------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|-------|---------|-----------|--|
| DESCRICIÓN                                                           | APLICACIÓN DE GASTO |       |         | PROXECTO DE GASTO | IMPORTE   | TIPO MC | DESCRICIÓN DETALLADA                                                                    | APLICACIÓN DE GASTO |       |         | IMPORTE   |  |
| Subministro dun vehículo todo terreo para o servizo da policía local | 060                 | 13500 | 6240001 | 2020 4 VEHPL 59   | 18.029,00 | CE      | Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 060 33800 2269900 | 060                 | 33800 | 2269900 | 18.029,00 |  |
|                                                                      |                     |       |         |                   | 18.029,00 |         |                                                                                         |                     |       |         | 18.029,00 |  |

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

| DESCRICIÓN                                                           | APLICACIÓN DE GASTO |       |         | PROXECTO DE GASTO | IMPORTE          |
|----------------------------------------------------------------------|---------------------|-------|---------|-------------------|------------------|
| Subministro dun vehículo todo terreo para o servizo da policía local | 060                 | 13200 | 6240001 | 2020 4 VEHPL 59   | 18.029,00        |
|                                                                      |                     |       |         |                   | <b>18.029,00</b> |

B) Financiamento:

| DESCRICIÓN DETALLADA                                                                    | APLICACIÓN DE GASTO |       |         | IMPORTE          |
|-----------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|-------|---------|------------------|
| Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 060 33800 2269900 | 060                 | 33800 | 2269900 | 18.029,00        |
|                                                                                         |                     |       |         | <b>18.029,00</b> |

Baixas por anulación: **18.029,00 euros**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

| EXPRESIÓN                                               | IMPORTE     |
|---------------------------------------------------------|-------------|
| 1.- Total crédito extraordinario .....                  | 18.029,00 € |
| 2.- Total suplemento de crédito .....                   |             |
| 2.- Financiamento                                       |             |
| a) Novos ingresos .....                                 |             |
| b) Baixas por anulación .....                           | 18.029,00 € |
| c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais ... |             |

**SEGUNDO:** Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerase ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

**TERCEIRO:** Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2020-CREXT-12 se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

**CUARTO:** Igualmente seránlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-12 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

**4. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM. 2020-CREXT-13, FINANCIADO CO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS DO CONCELLO DO EXERCICIO 2019.**

O informe proposta emitido polo técnico da oficina de orzamentos que trae o conforme da concelleira delegada da área, de data 15 de outubro do corrente ano, ten o seguinte contido:

**“I. NORMATIVA APLICABLE**

Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF).

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), artigos 177, 213 á 222.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 36 e 37.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Artigos 12 e 13 das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2020.

## **II. ANTECEDENTES**

Informe da intervención municipal de data 22.04.2020 relativo á delimitación, aos efectos do seu destino, da capacidade de financiamento en termos de estabilidade resultante da liquidación orzamentaria do 2019 por incidencia dos RD-Lei 8/2020, de 17 de marzo, e RD-Lei 11/2020, de 31 de marzo, promulgados a consecuencia do impacto social e económico da covid-19.

## **III. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.**

A Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF, en diante), establece dúas regras que rexen o destino do superávit orzamentario: o artigo 32 e o establecido na súa disposición adicional 6ª e disposición adicional 16ª do TRLRFL, estas últimas de aplicación opcional para as entidades locais que cumpran os requisitos esixidos.

**O art. 32 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF en diante), dispón:**

### ***“32 Destino do superávit orzamentario***

*1. No caso de que a liquidación orzamentaria sitúese en superávit, este destinarase, no caso do Estado, Comunidades Autónomas, e Corporacións Locais, a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento se este fose inferior ao importe do superávit a destinar á redución de débeda. (...)*

*3. A efectos do previsto neste artigo enténdese por superávit a capacidade de financiamento segundo o sistema europeo de contas e por endebedamento a débeda pública a efectos do procedemento de déficit excesivo tal e como se define na normativa europea.”*

**A Disposición adicional sexta da propia Lei 2/2012, orgánica de estabilidade, relativa a**

**“Regras especiais para o destino do superávit orzamentario, establece ao efecto:**

*1. Será de aplicación o disposto nos apartados seguintes desta disposición adicional ás Corporacións Locais nas que concorran estas dúas circunstancias:*

*a) Cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas Locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.*

*b) Que presenten no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesouraría positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta Lei.*

*2. No ano 2014, aos efectos da aplicación do artigo 32, relativo ao destino do superávit orzamentario, terase en conta o seguinte:*

*a) As Corporacións Locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, si fora menor, o remanente de tesourería para gastos xerais a atender as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de «Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento», ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigas pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas ao peche do exercicio anterior.*

*b) No caso de que, atendidas as obrigas citadas na letra a) anterior, o importe sinalado na letra a) anterior mantivécese con signo positivo e a Corporación Local optase á aplicación do disposto na letra c) seguinte, deberase destinar, como mínimo, a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes que sexa necesario para que a Corporación Local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional en dito exercicio 2014.*

*c) Se cumprido o previsto nas letras a) e b) anteriores a Corporación Local tivera un saldo positivo do importe sinalado na letra a), este poderase destinar a financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento sexa financeiramente sustentable. A estes efectos a lei determinará tanto os requisitos formais como os parámetros que permitan cualificar un investimento como financeiramente sustentable, para o que se valorará especialmente a súa contribución ao crecemento económico a longo prazo.*

*Para aplicar o previsto no parágrafo anterior, ademais será necesario que o período medio de pago aos provedores da Corporación Local, de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade.*

*3. Excepcionalmente, as Corporacións Locais que no exercicio 2013 cumpran co previsto no apartado 1 respecto da liquidación do seu orzamento do exercicio 2012, e que ademais no exercicio 2014 cumpran co previsto no apartado 1, poderán aplicar no ano 2014 o superávit en contabilidade nacional ou, se fora menor, o remanente de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación de 2012, conforme ás regras contidas no apartado 2 anterior, se así o deciden por acordo do seu órgano de goberno.*

*4. O importe do gasto realizado de acordo co previsto nos apartados dous e tres desta disposición non se considerará como gasto computable a efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12.*

*5. En relación con exercicios posteriores a 2014, mediante a Lei de Orzamentos Xerais do Estado poderase habilitar, atendendo á conxuntura económica, a prórroga do prazo de aplicación previsto neste artigo.”*

O **RD Lei 2/2014**, na súa Disposición final primeira, modifica o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, de forma que lle **engade unha nova disposición adicional décimo sexta ao texto refundido**), onde aos efectos do disposto na disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (a Lei 7774/2012), define e establece os requisitos para considerar un investimento como **investimento financeiramente sustentable**.

Así ben, o contido da disposto na D.A. 6ª da LOEOSF e a D.A. 16ª do TRLRFL ten vixencia anual, se ben foise prorrogando ano tras ano mediante unha norma con rango de lei, como a propia lei de orzamentos do estado ou, como sucedeu nos dous exercicios pasados, a través dun RD-Lei específico pola situación de prórroga dos orzamentos estatais. Para o ano 2020 esta norma non foi aínda prorrogada.

Con base na regulación ordinaria para o destino do superávit orzamentario, o Concello aprobou un primeiro expediente de crédito extraordinario baixo o número **2020-CREXT-02** (acordo plenario de 14.05.2020) de importe total **439.372,10** euros, financiado co Remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2019, con destino a dar cobertura orzamentaria aos gastos rexistrados na conta 413 e os pagos da conta 555. Neste primeiro expediente aprobado quedou sen habilitar crédito un saldo das obrigas pendentes de aplicar ao orzamento rexistradas na conta 413 por importe de 254.478,27 euros.

A exposta é a regulación ordinaria para o destino do superávit orzamentario, se ben, con carácter extraordinario, e ante a necesidade inmediata de actuación das administracións públicas para facer fronte ao impacto económico e social xerado pola pandemia internacional da COVID-19, o Goberno, mediante o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, aprobou o estado de alarma no país, habilitando neste contexto e con posterioridade ás Entidades Locais, a través do artigo 3 do Real Decreto-Lei 8/2020, de 17 de marzo, e o artigo 20 do Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, para destinar o superávit de 2019 para o financiamento dos seguintes tipos de gasto:

- Gastos de investimento incluídos na política de gasto 23 “Servizos Sociais e promoción Social” recollida no anexo I da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro.

- Con carácter excepcional, prestacións detalladas no apdo. 2 do art. 1 do RD- Lei 8/2020, do 17 de marzo.

As previsións do art. 3 do RD- Lei 8/2020, do 17 de marzo, foron desenvolvidas polo art. 20 do RD- Lei 11/2020, do 31 de marzo, precisando que a cantidade que as Entidades Locais poden destinar ao financiamento de gastos sociais será, como máximo, equivalente ao 20% do saldo positivo definido na letra c) do apdo. 2 da Disposición Adicional Sexta LOEOSF.

Neste sentido, o Concello fixo uso da normativa extraordinaria anteriormente citada aprobando un expediente de crédito extraordinario baixo o número **2020-CREXT-03** (resolución de Alcaldía de 28.04.2020 e convalidación plenaria en acordo de 14.05.2020) de importe total **1.145.754,55 euros** financiado co Remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2019.

Mais adiante e seguindo neste contexto de situación extraordinaria, o Goberno aprobou un Real Decreto-Lei 23/2020, de 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica, autorizando no seu artigo 6, e como medida de impulso da actividade económica e o emprego, que as entidades locais puideran utilizar unha parte do seu superávit do exercicio 2019 para o financiamento de gastos de investimento en vehículos eléctricos puros ou con etiqueta ambiental CERO, se ben, salvo no caso que se acredite que non existen vehículos CERO que cumpran coas condicións mínimas de servizo, poidan ser substituídos por vehículos con etiqueta ECO, e en infraestruturas de recarga para o uso dos vehículos adquiridos. Os vehículos que se adquiren deberán destinarse á prestación dos servizos públicos de recollida, eliminación e tratamento de residuos, seguridade e orde público, protección civil, prevención e extinción de incendios e transporte de viaxeiros.

Neste sentido, o Concello fixo uso da normativa extraordinaria anteriormente citada aprobando un expediente de crédito extraordinario baixo o número **2020-CREXT-11**



(acordo plenario de 30.07.2020) de importe total **370.500,00 euros** financiado co Remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2019.

Aos efectos de poder aplicar o superávit orzamentario do exercicio 2019 aos novos usos previstos na regulación extraordinaria que se foi aprobando ao longo deste exercicio, con data do 22 de abril de 2020 a Intervención Municipal emitiu, a petición da Alcaldía, informe sobre a delimitación aos efectos do seu deseño da capacidade de financiación en termos de estabilidade resultante da liquidación orzamentaria do 2019 dos RD - Lei 8/2020 de 17 de marzo e RD - Lei 11/2020 de 31 de marzo promulgados a consecuencia do impacto social e económico da COVID-19. Segundo o citado informe que consta como documentación ao presente expediente, ***a estimación ao peche do exercicio 2020 da capacidade de financiación ascende á 5.728.772,73 euros.***

De xeito resumido, a aplicación efectiva por parte do Concello do superávit da liquidación do exercicio 2019 tendo en conta tódalas modificacións orzamentarias anteditas foi a seguinte:

**RESUMO GASTOS FINANCIADOS CO RLT para GX DO EXERCICIO 2019**

|                                                                                               | Importe MC RLT       | Expediente    |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|---------------|
| OPAS (aplicación 413) DO CONCELLO                                                             | 342.934,61           | 2020-CREXT-02 |
| PPA (conta 555) DO CONCELLO                                                                   | 96.437,49            | 2020-CREXT-02 |
|                                                                                               | <b>439.372,10</b>    |               |
| OPAS (aplicación 413) DO CONCELLO PENDENTES                                                   | <b>254.478,27</b>    |               |
| GASTOS SOCIAIS FINANCIADOS CO RLT para GX                                                     | 1.145.754,55         | 2020-CREXT-03 |
| GASTOS EN VEHÍCULOS ELÉCTRICOS FINANCIADOS CO RLT para GX                                     | 370.500,00           | 2020-CREXT-11 |
| Límite máximo do grupo destino superávit                                                      | <b>11.704.153,14</b> |               |
| Pendente de aplicar destino superávit                                                         | <b>9.494.048,22</b>  |               |
| Límite máximo: estimación intervención capacidade de financiamento ao peche do exercicio 2020 | <b>5.728.772,73</b>  |               |

**IV. XUSTIFICACIÓN DO IMPORTE A APLICAR EN CUMPRIMENTO DAS NORMAS QUE REGULAN O DESTINO DO SUPERÁVIT.**

No referente á determinación do importe a considerar na asignación do superávit ás finalidades indicadas cómpre advertir que, se o Concello ten entes dependentes, como é o caso do de Santiago de Compostela, aínda que os elementos que interveñen na confrontación (superávit/RLTGX) estimanse en termos de grupo consolidado, deben contrastarse eses compoñentes ente a ente, e comparar en cada un deles o superávit en termos SEC cos respectivos RLTGX/PeG (entes mercantís) considerando o de menor importe. En definitiva, e tendo en conta o criterio seguido polo propio Ministerio de Facenda, en contestación recollida no documento publicado en marzo do 2018 baixo o



nome “*Aplicación de la normativa de estabilidad presupuestaria a las entidades locales. Contestación a las preguntas más frecuentes*”, o importe do superávit/RLTGX consolidado actúa como límite máximo a aportar pola totalidade do grupo, polo que a suma das aportacións de cada ente debe ser menor ou igual a aquel.

Seguindo a pauta descrita, os datos a ter en conta son os seguintes:

|                      | <b>RLTGX/PeG</b>     | <b>Superávit</b>     | <b>Importe a aplicar</b> |
|----------------------|----------------------|----------------------|--------------------------|
| Concello             | 11.711.465,20        | 13.370.853,39        | 11.711.465,20            |
| Auditorio de Galicia | 411.830,63           | -120.355,02          | -120.355,02              |
| INCOLSA              | 132.049,16           | 216.246,00           | 132.049,16               |
| Refuxio de Animais   | -19.006,20           | -19.006,20           | -19.006,20               |
|                      | <b>12.236.338,79</b> | <b>13.447.738,17</b> | <b>11.704.153,14</b>     |

Superávit consolidado ano 2019      **13.447.738,17**

RLT para GX consolidado 2019      **12.123.295,83**

Do establecido no cadro anterior, conclúese que o importe a aplicar como destino do superávit do grupo do Concello de Santiago de Compostela é de **11.704.153,14 euros**, sendo que se encontra dentro do límite máximo resultante da liquidación do exercicio 2019 como RLT para GX consolidado do Concello que ascende a 12.123.295,83 euros (menor que a magnitude do superávit consolidado do Concello que é de 13.447.738,17 euros).

Ao mesmo tempo, e con base no informe de intervención de 22.04.2020 xa referenciado con anterioridade *a estimación ao peche do exercicio 2020 da capacidade de financiación do Concello de Santiago de Compostela ascende á 5.728.772,73 euros*.

#### **V. APLICACIÓN DO SUPERÁVIT DO EXERCICIO 2019 PARA COBERTURA ORZAMENTARIA DOS GASTOS REXISTRADOS NA CONTA 413 (ACREDORES PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO).**

Por decreto da concelleira delegada con competencias en economía e facenda do 22.04.2020 aprobouse a liquidación do orzamento municipal correspondente ao exercicio 2019 da que resulta un saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento rexistradas na conta 413 de 597.412,88 euros e un saldo de pagos pendentes de aplicar rexistrados na conta 555 de 108.166,68 euros.

En cumprimento do establecido na D.A. 6ª punto 2.a) da **LOEPSF**, e para poder atender de forma urxente o pagamento e aplicación das facturas e demais gastos rexistrados na conta 413 “Acredores pendentes de aplicar ao orzamento” e o saldo de pagos pendentes

de aplicar rexistrados na conta 555 “Pagos pendentes de aplicar ao orzamento”, tramitouse neste exercicio un primeiro expediente modificativo de crédito de aplicación do superávit orzamentario da liquidación do exercicio 2019, sen prexuízo de que se puideran tramitar con posterioridade os que resultasen precisos ata esgotar a aplicación deste recurso financeiro, baixo o número **2020-CREXT-02** (acordo plenario de 14.05.2020) de importe total **439.372,10** euros, financiado co Remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2019, con destino a dar cobertura orzamentaria aos gastos rexistrados na conta 413 (por importe de 342.934,61 euros) e os pagos da conta 555 (por importe de 96.437,49 euros). Neste primeiro expediente aprobado quedou se habilitar crédito un saldo das obrigas pendentes de aplicar ao orzamento rexistradas na conta 413 por importe de 254.478,27 euros con base nas seguintes motivacións:

1.Unha factura en situación de OPA a 31.12.2019 de FERROVIAL SERVICIOS S.A., de importe 36.568,63 euros e concepto <alugueiro de grupo electrógeno para alimentación da pista de xeo as 24 horas>, que no momento actual non é posible levar a recoñecemento extraxudicial a habilitación do crédito necesario para a súa aprobación ao estar completándose o expediente administrativo de tramitación do gasto desde o centro xestor.

2.O importe correspondente a unha indemnización (194.334,00 euros) e xuros (23.575,64 euros) fixada polo TSXG en relación ao auto de inexecución de sentenza 5302/95 a favor da Comunidade hereditaria de Isaac Bermúdez Buján. Neste caso, estase a analizar por parte dos distintos servizos municipais implicados, un informe consultivo da Xunta de Galicia recibido recentemente en relación á cuestión planteada, non sendo posible no momento actual, en espera que se adopte unha decisión definitiva, habilitar crédito para afrontar o aboamento do crédito recoñecido como OPA a 31.12.2019.

Este expediente de crédito extraordinario que se somete a aprobación ten por finalidade habilitar crédito para atender unha parte do saldo de obrigas rexistradas na conta 413 recollidas no **apartado 2** anterior que quedaron pendentes no primeiro expediente tramitado.

Esta segunda proposta de aplicación do RLT para GX correspondente á liquidación do orzamento 2019 para atender as obrigas en situación de OPA recollidas a 31/12/2019 na conta 413 sería a seguinte:

| DENOMINACIÓN                  | CAP. | APLICACIÓN        | PROXECTO        | CX | TIPO MC | IMPORTE           |
|-------------------------------|------|-------------------|-----------------|----|---------|-------------------|
| OPAS (2019 050 93300 35900)   | 3    | 050 93300 3590099 | 2012 4 BASQU 12 | 08 | CE      | 23.575,64         |
| <b>GASTO TOTAL CAPÍTULO 3</b> |      |                   |                 |    |         | <b>23.575,64</b>  |
| OPAS (2019 050 93300 60000)   | 6    | 050 93300 6000099 | 2012 4 BASQU 12 | 08 | CE      | 194.334,00        |
| <b>GASTO TOTAL CAPÍTULO 6</b> |      |                   |                 |    |         | <b>194.334,00</b> |

|                                                                       |                   |
|-----------------------------------------------------------------------|-------------------|
| <b>TOTAL DE OPERACIÓNS PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO (413)</b>    | <b>217.909,64</b> |
| <b>FINANCIAMENTO RLT para GX DO EXERCICIO 2019 - APLICACIÓN 87000</b> |                   |

É necesario, polo tanto, habilitar crédito a través dun expediente modificativo de crédito, crédito extraordinario por unha contía de **217.909,64 euros** para dar cobertura ao saldo actual de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2019 (OPAs contabilizadas na conta 413).

## **VI. PROPOSTA.**

Logo de ver a liquidación do exercicio 2019 do Orzamento Xeral do Concello e os cálculos efectuados para a determinación do importe a aplicar como destino do superávit consolidado cifrado en termos globais en 11.704.153,14 euros, a proposta actual deste cuarto expediente modificativo de crédito – crédito extraordinario – de aplicación do superávit orzamentario da liquidación do exercicio 2019, sen prexuízo de que se segan tramitando con posterioridade os que resulten precisos para esgotar a aplicación deste recurso financeiro, tería o seguinte detalle resumido:

|                              | <b>CE</b>         | <b>Totais</b>     |
|------------------------------|-------------------|-------------------|
| <b>OPAS (aplicación 413)</b> | <b>217.909,64</b> | <b>217.909,64</b> |
|                              | <b>217.909,64</b> | <b>217.909,64</b> |

Verificado que neste cuarto expediente de modificación de crédito de aplicación do RLT para GX do exercicio 2019 segue para o seu uso as prioridades emanadas da disposición adicional 6ª da **Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira** e que existe unha relación de OPAS que para a súa aprobación e pagamento precisan do seu recoñecemento extraxudicial.

Logo de ver o carácter específico e determinado do gasto a realizar e que o expediente ten carácter urxente e non pode demorarse até o exercicio seguinte.

De conformidade co establecido nas bases 12, 13 e 30 das Bases de execución do Orzamento Municipal do exercicio 2020, nos artigos 177 e ss. do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, e demais disposicións vixentes na materia.

**PROPONSE** que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas:

**PRIMEIRO:** aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2020-CREXT-13 para atender as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento do exercicio 2019 correspondentes ao Concello de Santiago, por un importe de **DOUSCENTOS DEZASETE MIL NOVECENTOS NOVE EUROS, CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS DE EURO (217.909,64 EUROS)** financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2019.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

**1.- Habilitación de crédito extraordinario por un importe de 217.909,64 euros para atender as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2019 (obrigas en situación de OPA contabilizadas na conta 413) financiado con RLT para GX do exercicio 2019, co seguinte detalle:**

| DENOMINACIÓN                                                      | CAP. | APLICACIÓN           | PROXECTO           | CX | TIPO<br>MC | IMPORTE           |
|-------------------------------------------------------------------|------|----------------------|--------------------|----|------------|-------------------|
| OPAS (2019 050 93300 35900)                                       | 3    | 050 93300<br>3590099 | 2012 4 BASQU<br>12 | 08 | CE         | 23.575,64         |
| <b>GASTO TOTAL CAPÍTULO 3</b>                                     |      |                      |                    |    |            | <b>23.575,64</b>  |
| OPAS (2019 050 93300 60000)                                       | 6    | 050 93300<br>6000099 | 2012 4 BASQU<br>12 | 08 | CE         | 194.334,00        |
| <b>GASTO TOTAL CAPÍTULO 6</b>                                     |      |                      |                    |    |            | <b>194.334,00</b> |
| <b>TOTAL DE OPERACIÓN PENDINGES DE APLICAR AO ORZAMENTO (413)</b> |      |                      |                    |    |            | <b>217.909,64</b> |

B) Financiamento:

1.- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: **217.909,64 €**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

| EXPRESIÓN                                        | IMPORTE      |
|--------------------------------------------------|--------------|
| 1.- Total crédito extraordinario.....            | 217.909,64 € |
| Total suplemento de crédito.....                 |              |
| 2.- Financiamento                                |              |
| a)    Novos ingresos.....                        |              |
| b)    Baixas por anulación.....                  |              |
| c)    Remanente de tesourería para gastos xerais | 217.909,64 € |

**TOTAL MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: 217.909,64 EUROS**

**SEGUNDO:** Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-13 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñeráse ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

**TERCEIRO:** Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2020-CREXT-13 se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

**CUARTO:** Condicionar a eficacia do punto anterior á entrada en vigor do expediente de modificación orzamentaria por crédito extraordinario nº 2020-CREXT-13.”

Consta no expediente informe de intervención de data 22 de outubro do corrente ano, ref. 950/2020, en relación a este expediente, e acordo da Xunta de Goberno Local de aprobación do proxecto de data 23 de outubro do corrente ano.

Á vista do informe proposta e demais documentación que obra no expediente, máis o ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, correspondente a sesión extraordinaria e urxente do día 29 de outubro do corrente ano, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2020-CREXT-13 para atender as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento do exercicio 2019 correspondentes ao Concello de Santiago, por un importe de DOUSCENTOS DEZASETE MIL NOVECENTOS NOVE EUROS, CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS DE EURO (217.909,64 EUROS) financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2019.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

1.- Habilitación de crédito extraordinario por un importe de 217.909,64 euros para atender as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2019 (obrigas en situación de OPA contabilizadas na conta 413) financiado con RLT para GX do exercicio 2019, co seguinte detalle:

| DENOMINACIÓN                                                       | CAP. | APLICACIÓN        | PROXECTO        | CX | TIPO MC | IMPORTE           |
|--------------------------------------------------------------------|------|-------------------|-----------------|----|---------|-------------------|
| OPAS (2019 050 93300 35900)                                        | 3    | 050 93300 3590099 | 2012 4 BASQU 12 | 08 | CE      | 23.575,64         |
| <b>GASTO TOTAL CAPÍTULO 3</b>                                      |      |                   |                 |    |         | <b>23.575,64</b>  |
| OPAS (2019 050 93300 60000)                                        | 6    | 050 93300 6000099 | 2012 4 BASQU 12 | 08 | CE      | 194.334,00        |
| <b>GASTO TOTAL CAPÍTULO 6</b>                                      |      |                   |                 |    |         | <b>194.334,00</b> |
| <b>TOTAL DE OPERACIÓNS PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO (413)</b> |      |                   |                 |    |         | <b>217.909,64</b> |

B) Financiamento:

1.- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: **217.909,64 €**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

| EXPRESIÓN                                        | IMPORTE      |
|--------------------------------------------------|--------------|
| 1.- Total crédito extraordinario.....            | 217.909,64 € |
| Total suplemento de crédito.....                 |              |
| 2.- Financiamento                                |              |
| a)    Novos ingresos.....                        |              |
| b)    Baixas por anulación.....                  |              |
| c)    Remanente de tesourería para gastos xerais | 217.909,64 € |

**TOTAL MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: 217.909,64 EUROS**

**SEGUNDO:** Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-13 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerase ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

**TERCEIRO:** Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2020-CREXT-13 se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín

Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

**CUARTO:** Condicionar a eficacia do punto anterior á entrada en vigor do expediente de modificación orzamentaria por crédito extraordinario nº 2020-CREXT-13.

### **5. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM. 2020-CREXT-14, FINANCIADO CON BAIXAS POR ANULACIÓN E MODIFICACIÓN DA BASE 33.2 DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EJERCICIO 2020.**

O informe-proposta en relación ao asunto do epígrafe de data 16 de outubro do corrente ano que trae o conforme da concelleira delegada da área, ten o seguinte contido:

#### **“I. NORMATIVA APLICABLE**

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigo 177.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 36 e 37.

Real Decreto Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Bases 12, 13 e 33 de Execución do Orzamento do exercicio 2020.

#### **II. DOCUMENTACIÓN QUE FORMA PARTE DO EXPEDIENTE**

Informe proposta da técnica responsable de Comercio de data 16 de outubro de 2020.

Proposta da Alcaldía de data 16 de outubro de 2020.

Operación RC que financia o crédito extraordinario con número de operación 220200018477 e número de referencia 22020006004.

#### **III. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE**

A presente proposta, que consta de dous acordos a adoptar, de crédito extraordinario e de modificación da base 33.2 de execución do orzamento, baséase no informe proposta da técnica responsable da área de Comercio e na proposta da Alcaldía, ambas de data 16 de outubro de 2020, que forman parte deste expediente:



**1º.-** Na base 33.2 de execución do orzamento relaciónanse os beneficiarios, finalidades e importes máximos das subvencións nominativas do exercicio 2020.

Segundo o establecido no informe proposta de Comercio que serve de base a este expediente, preténdese a aprobación dun crédito extraordinario por contía total de 30.000,00 euros nunha nova aplicación orzamentaria do capítulo 4 que se crea ao efecto no orzamento 2020 -010 43100 4890004- para atender unha nova subvencións nominativas que se debe crear na base 33.2 das BEO de 2020 do centro xestor de Comercio, co seguinte detalle:

| <i>“Entidade beneficiaria</i>                               | <i>NIF<br/>Beneficiario</i> | <i>Importe<br/>2020</i> | <i>Aplicación<br/>orzamentaria</i> | <i>Obxecto</i>                                                                                            |
|-------------------------------------------------------------|-----------------------------|-------------------------|------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| COMUNIDADE DE PROPIETARIOS<br>CENTRO COMERCIAL ÁREA CENTRAL | H15431273                   | 30.000,00               | 010-43100-4890004                  | Actividades de dinamización comercial e<br>instalación de pista de patinaxe sobre xeo.<br>Anualidade 2020 |

A finalidade deste expediente é atender á vontade do goberno municipal, no contexto da nova situación sanitaria e económica xerada pola pandemia da COVID-19, co obxecto de contribuír á reactivación económica e dinamización comercial do barrio das Fontiñas co seu epicentro en Área Central, mediante o establecemento dunha subvención nominativa a favor da Comunidade de Propietarios Centro Comercial Área Central, por un importe de 30.000 euros, co obxecto “Actividades de dinamización comercial e instalación de pista de patinaxe sobre xeo. Anualidade 2020”.

Como recurso que financia este crédito extraordinario, o artigo 36 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos (RD 500/90 de aquí en diante), sinala que os suplementos de crédito poden financiarse indistintamente con algúns dos seguintes recursos:

- a) Por conta do remanente líquido de tesourería calculado consonte os artigos 101 a 104.
- b) Por conta de novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente.
- c) Mediante anulacións ou baixas de crédito doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

No caso que nos ocupa, esta proposta de crédito extraordinario finánciase con baixas por anulación do crédito dispoñible non comprometido por importe 30.000,00 euros no orzamento do exercicio 2020 na aplicación orzamentaria na aplicación de arrendamentos de instalacións, maquinaria e utillaxe de comercio - 010 43100 2269900 - para o cal se fixo unha operación contable RC co número de operación 220200018477 e número de



referencia 22020006004 e, segundo se establece no propio informe proposta, esta minoración non producirá deterioro no resto dos servizos que se están a prestar no propio departamento.

Analizada a memoria xustificativa proposta polo departamento de Comercio que da soporte á solicitude de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2020-CREXT-14, segundo opinión da oficina orzamentaria queda acreditada a especificidade e determinación do novo gasto proposto, a xustificación da súa necesidade e a súa inmediatez sen posibilidade de demora para o exercicio seguinte, baseándose na extraordinaria e apremiante situación económica derivada da crise sanitaria provocada pola COVID-19 que padece a área comercial Área Central.

No relativo á modalidade de modificativo proposta -crédito extraordinario financiado con baixas por anulación- cómpre facer as seguintes consideracións:

O crédito extraordinario financiado con baixas por anulación é unha modificación de natureza cualitativa na medida en que altera a cualidade do gasto sen modificar a contía total do estado de gastos do orzamento municipal. Inciden unicamente no orzamento de gastos incrementando o crédito dunhas aplicacións por conta de minorar –baixa por anulación-, no mesmo importe global, o de outras.

Todas as aplicacións orzamentarias implicadas -nas que se dota o crédito no capítulo 4 de gasto e nas que se declara a baixa no capítulo 2 de gastos- pertencen ao mesmo capítulo de gasto non financeiro polo que a modificación proposta non impacta, en termos de incremento de gastos desa natureza, no cumprimento do obxectivo de estabilidade, nin da regra de gasto, mantendo o equilibrio orzamentario global.

O detalle da modificación orzamentaria proposta é o seguinte:

| CRÉDITO EXTRAORDINARIO                                                                                |                     |       |         |                 |                         |                    | FINANCIAMENTO: BAIAS POR ANULACIÓN |                                                                                         |                     |       |         |                 |                         |                    |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|-------|---------|-----------------|-------------------------|--------------------|------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|-------|---------|-----------------|-------------------------|--------------------|
| DESCRIPCIÓN                                                                                           | APLICACIÓN DE GASTO |       |         | Crédito inicial | Modificación de crédito | Crédito definitivo | TIPO MC                            | DESCRIPCIÓN DETALLADA                                                                   | APLICACIÓN DE GASTO |       |         | Crédito inicial | Modificación de crédito | Crédito definitivo |
| Subvención nominativa concedida á entidade "Comunidade de Propietarios Centro Comercial Área Central" | 010                 | 43100 | 4890004 | 0,00            | 30.000,00               | 30.000,00          | CE                                 | Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 010 43100 2030000 | 010                 | 43100 | 2030000 | 35.000,00       | 30.000,00               | 5.000,00           |
|                                                                                                       |                     |       |         |                 | 30.000,00               |                    |                                    |                                                                                         |                     |       |         |                 | 30.000,00               |                    |

2º.- Unha vez aprobado o modificativo anterior, e se habilite crédito na aplicación orzamentaria que recolle o importe da subvención nominativa que se pretende conceder, tense que acordar a modificación da base 33.2 de execución do orzamento 2020 no sentido de reflectir o seguinte beneficiario e co seguinte importe:

| “Entidade beneficiaria | NIF Beneficiario | Importe 2020 | Aplicación orzamentaria | Obxecto |
|------------------------|------------------|--------------|-------------------------|---------|
|------------------------|------------------|--------------|-------------------------|---------|

|                                                                   |           |           |                       |                                                                                                                 |
|-------------------------------------------------------------------|-----------|-----------|-----------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| COMUNIDADE DE<br>PROPIETARIOS CENTRO<br>COMERCIAL ÁREA<br>CENTRAL | H15431273 | 30.000,00 | 010-43100-<br>4890004 | Actividades de<br>dinamización comercial<br>e instalación de pista de<br>patinaxe sobre xeo.<br>Anualidade 2020 |
|-------------------------------------------------------------------|-----------|-----------|-----------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

Dado o carácter extraordinario das circunstancias que sustentan este expediente, e de que a cobertura desta axuda se fai ao abeiro dun crédito extraordinario, esta subvención nominativa non debería ter continuidade máis alá da vixencia deste exercicio, non prorrogándose no caso de facelo os orzamentos vixentes.

No que atinxe ao procedemento indicar que a modificación das bases de execución, en tanto que integrantes do contido do orzamento consonte os artigos 165.1 do TRLFL e 9 do RD 500/1990, precisa dos mesmos trámites que a aprobación deste último previstos no artigo 169 do TRLFL. Igual acontece coa parte da proposta de acordo relativo ao crédito extraordinario.

Aprobada a modificación inicialmente polo Pleno da Corporación, exporase ao público, previo anuncio no BOP, durante 15 días hábiles nos que os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que xulguen oportunas. A modificación entenderase definitivamente aprobada se no antedito prazo non se presentaran reclamacións, do contrario o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

#### **IV. PROPOSTA**

De conformidade co antedito propónse que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da administración local eleve á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, en relación á seguinte proposta:

**Primeiro.-** Aprobado o expediente de crédito extraordinario co número 2020-CREXT-14 con base ao contido do recollido no informe proposta que forma parte do expediente, por un monto total de **TRINTA MIL EUROS (30.000,00 euros)**, financiado con baixas por anulación co obxecto de aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario co número 2020-CREXT-14 con base ao contido do recollido no apartado III do informe proposta que forma parte do expediente, co obxecto de habilitar crédito para a concesión dunha nova subvención nominativa de Comercio coa finalidade da instalación dunha pista de patinaxe sobre xeo na praza Europa de Área Central e a realización de actividades complementarias de dinamización durante a anualidade 2020.

Este expediente terá o seguinte detalle:

**A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:**

| CRÉDITO EXTRAORDINARIO                                                                                |                     |       |         |                 |                         |                    |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|-------|---------|-----------------|-------------------------|--------------------|
| DESCRIPCIÓN                                                                                           | APLICACIÓN DE GASTO |       |         | Crédito inicial | Modificación de crédito | Crédito definitivo |
| Subvención nominativa concedida á entidade "Comunidade de Propietarios Centro Comercial Área Central" | 010                 | 43100 | 4890004 | 0,00            | 30.000,00               | 30.000,00          |
|                                                                                                       |                     |       |         |                 | 30.000,00               |                    |

**B) Financiamento:**

| FINANCIAMENTO: BAIAS POR ANULACIÓN                                                      |                     |       |         |                 |                         |                    |
|-----------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|-------|---------|-----------------|-------------------------|--------------------|
| DESCRIPCIÓN DETALLADA                                                                   | APLICACIÓN DE GASTO |       |         | Crédito inicial | Modificación de crédito | Crédito definitivo |
| Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 010 43100 2030000 | 010                 | 43100 | 2030000 | 35.000,00       | 30.000,00               | 5.000,00           |
|                                                                                         |                     |       |         |                 | 30.000,00               |                    |

Baixas por anulación: **30.000,00 euros**

**C) Resumo do expediente modificativo de crédito:**

| EXPRESIÓN                                           | IMPORTE     |
|-----------------------------------------------------|-------------|
| 1.- Total crédito extraordinario .....              | 30.000,00 € |
| 2.- Total suplemento de crédito .....               |             |
| 2.- Financiamento                                   |             |
| a) Novos ingresos .....                             |             |
| b) Baixas por anulación .....                       | 30.000,00 € |
| c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais |             |

**Segundo.-** Aprobar a modificación da base 33.2 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2020 relativo á relación de subvencións nominativas, no sentido de incorporar unha nova subvención nominativa de comercio a favor entidade beneficiaria Comunidade de Propietarios Centro Comercial Área Central, con NIF H15431273, co obxecto de “Actividades de dinamización comercial e instalación de pista de patinaxe sobre xeo. Anualidade 2020”.

Neste sentido, o cadro que recolle na base 33.2 de execución do orzamento 2020 a relación dos beneficiarios, finalidades e importes máximos das subvencións nominativas do exercicio 2020, deberá reflectir o seguinte beneficiario e co seguinte importe:

| “Entidade beneficiaria            | NIF Beneficiario | Importe 2020 | Aplicación orzamentaria | Obxecto                                                         |
|-----------------------------------|------------------|--------------|-------------------------|-----------------------------------------------------------------|
| COMUNIDADE DE PROPIETARIOS CENTRO | H15431273        | 30.000,00    | 010-43100-4890004       | Actividades de dinamización comercial e instalación de pista de |

|                      |      |  |  |  |                                        |
|----------------------|------|--|--|--|----------------------------------------|
| COMERCIAL<br>CENTRAL | ÁREA |  |  |  | patinaxe sobre xeo.<br>Anualidade 2020 |
|----------------------|------|--|--|--|----------------------------------------|

Dado o carácter extraordinario das circunstancias que sustentan este expediente, e de que a cobertura desta axuda se fai ao abeiro dun crédito extraordinario, esta subvención nominativa non terá continuidade máis alá da vixencia deste exercicio, non prorrogándose no caso de facelo os orzamentos vixentes.

Esta proposta de modificación da base 33.2 das BEO 2020 está suxeita á condición de que se aprobe e entre en vigor o expediente de suplemento de crédito 2020-CREXT-14 proposto no apartado primeiro.

**Terceiro.-** Na tramitación deste expediente seguiranse as mesmas normas sobre información, reclamacións, publicidade e recursos recollidas nos artigos 169 e seguintes do TRLFL, e artigos 18 e seguintes do RD 500/1990.

**Cuarto.-** Estes acordos de suplemento de crédito 2020-CREXT-14 e de modificación da base 33.2 das bases de execución do orzamento 2020 entenderanse definitivamente aprobados se no prazo sinalado ao efecto non se presentaran reclamacións.”

Consta no expediente informe de intervención de data 22 de outubro do corrente ano, ref. 945/2020, en relación a este expediente, e acordo da Xunta de Goberno Local de aprobación do proxecto de data 23 de outubro do corrente ano.

Á vista do informe proposta e demais documentación que obra no expediente, máis o ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas correspondente á sesión extraordinaria e urxente do día 29 de outubro do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de crédito extraordinario co número 2020-CREXT-14 con base ao contido do recollido no informe proposta que forma parte do expediente, por un monto total de TRINTA MIL EUROS (30.000,00 euros), financiado con baixas por anulación co obxecto de aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario co número 2020-CREXT-14 con base ao contido do recollido no apartado III do informe proposta que forma parte do expediente, co obxecto de habilitar crédito para a concesión dunha nova subvención nominativa de Comercio coa finalidade da instalación dunha pista de patinaxe sobre xeo na praza Europa de Área Central e a realización de actividades complementarias de dinamización durante a anualidade 2020.

Este expediente terá o seguinte detalle:

**A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:**

| CRÉDITO EXTRAORDINARIO                                                                                |                     |       |         |                 |                         |                    |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|-------|---------|-----------------|-------------------------|--------------------|
| DESCRCIÓN                                                                                             | APLICACIÓN DE GASTO |       |         | Crédito inicial | Modificación de crédito | Crédito definitivo |
| Subvención nominativa concedida á entidade "Comunidade de Propietarios Centro Comercial Área Central" | 010                 | 43100 | 4890004 | 0,00            | 30.000,00               | 30.000,00          |
|                                                                                                       |                     |       |         |                 | 30.000,00               |                    |

**B) Financiamento:**

| FINANCIAMENTO: BAIAS POR ANULACIÓN                                                      |                     |       |         |                 |                         |                    |
|-----------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|-------|---------|-----------------|-------------------------|--------------------|
| DESCRCIÓN DETALLADA                                                                     | APLICACIÓN DE GASTO |       |         | Crédito inicial | Modificación de crédito | Crédito definitivo |
| Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 010 43100 2030000 | 010                 | 43100 | 2030000 | 35.000,00       | 30.000,00               | 5.000,00           |
|                                                                                         |                     |       |         |                 | 30.000,00               |                    |

Baixas por anulación: **30.000,00 euros**

**C) Resumo do expediente modificativo de crédito:**

| EXPRESIÓN                                           | IMPORTE     |
|-----------------------------------------------------|-------------|
| 1.- Total crédito extraordinario .....              | 30.000,00 € |
| 2.- Total suplemento de crédito .....               |             |
| 2.- Financiamento                                   |             |
| a) Novos ingresos .....                             |             |
| b) Baixas por anulación .....                       | 30.000,00 € |
| c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais |             |

**Segundo.-** Aprobar a modificación da base 33.2 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2020 relativo á relación de subvencións nominativas, no sentido de incorporar unha nova subvención nominativa de comercio a favor entidade beneficiaria Comunidade de Propietarios Centro Comercial Área Central, con NIF H15431273, co obxecto de “Actividades de dinamización comercial e instalación de pista de patinaxe sobre xeo. Anualidade 2020”.

Neste sentido, o cadro que recolle na base 33.2 de execución do orzamento 2020 a relación dos beneficiarios, finalidades e importes máximos das subvencións nominativas do exercicio 2020, deberá reflectir o seguinte beneficiario e co seguinte importe:

| “Entidade beneficiaria            | NIF Beneficiario | Importe 2020 | Aplicación orzamentaria | Obxecto                                                         |
|-----------------------------------|------------------|--------------|-------------------------|-----------------------------------------------------------------|
| COMUNIDADE DE PROPIETARIOS CENTRO | H15431273        | 30.000,00    | 010-43100-4890004       | Actividades de dinamización comercial e instalación de pista de |

|                      |      |  |  |  |                                        |
|----------------------|------|--|--|--|----------------------------------------|
| COMERCIAL<br>CENTRAL | ÁREA |  |  |  | patinaxe sobre xeo.<br>Anualidade 2020 |
|----------------------|------|--|--|--|----------------------------------------|

Dado o carácter extraordinario das circunstancias que sustentan este expediente, e de que a cobertura desta axuda se fai ao abeiro dun crédito extraordinario, esta subvención nominativa non terá continuidade máis alá da vixencia deste exercicio, non prorrogándose no caso de facelo os orzamentos vixentes.

Esta proposta de modificación da base 33.2 das BEO 2020 está suxeita á condición de que se aprobe e entre en vigor o expediente de suplemento de crédito 2020-CREXT-14 proposto no apartado primeiro.

**Terceiro.-** Na tramitación deste expediente seguiranse as mesmas normas sobre información, reclamacións, publicidade e recursos recollidas nos artigos 169 e seguintes do TRLFL, e artigos 18 e seguintes do RD 500/1990.

**Cuarto.-** Estes acordos de suplemento de crédito 2020-CREXT-14 e de modificación da base 33.2 das bases de execución do orzamento 2020 entenderanse definitivamente aprobados se no prazo sinalado ao efecto non se presentaran reclamacións.

A continuación pasan a tratarse os expedientes de modificación do artigo 33.2 das bases de execución do orzamento, e as declaracións institucionais, das que foi declarada a urxencia ao inicio da sesión, polo que a numeración dos asuntos incluídos na orde do día queda modificada.

## **6. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO ARTIGO 33.2 DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE 2020 NO QUE RESPECTA AO OBXECTO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA FEDERACIÓN GALLEGA DE KÁRATE E DISCIPLINAS ASOCIADAS.**

O informe-proposta en relación ao asunto do epígrafe de data 26 de outubro do corrente ano que trae o conforme da concelleira delegada da área, ten o seguinte contido:

### **“I. NORMATIVA APLICABLE**

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigo 177.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 36 e 37.

Real Decreto Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Base 33 de Execución do Orzamento do exercicio 2020.

## **II. DOCUMENTACIÓN QUE FORMA PARTE DO EXPEDIENTE**

Carta do Presidente da Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas de 23.10.2020.

Informe proposta do técnico en programación e xestión deportiva de 23.10.2020.

Proposta da Concelleira delegada de Deportes de 23.10.2020.

## **III. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE**

O Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 02.03.2020, aprobou inicialmente o orzamento xeral -incluíndo as súas bases de execución- e cadro de persoal do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2020.

No BOP nº 44, do 05.03.2020, publicouse anuncio de exposición ao público do antedito expediente.

No citado período non se recibiron reclamacións, considerándose definitivo o acordo inicialmente aprobado.

No BOP nº 57, do 03.04.2020, publicouse o orzamento definitivamente aprobado resumido por capítulos coas consecuencias que deste feito se derivan relativas á súa entrada en vigor, deixando constancia desta tramitación en resolución da Concelleira delegada de Economía e Facenda de 06.04.2020 que establece esta mesma data como a da entrada en vigor do orzamento xeral do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2020.

A presente proposta de modificación da base 33.2 das Bases de Execución do Orzamento do exercicio actual xustifícase, con base na carta remitida pola Federación Galega de Kárate á Concelleira delegada de Deportes do Concello, no informe proposta do técnico en programación e xestión deportiva municipal (responsable do CX 309 e na proposta da Concelleira delegada de Deportes de data 23.10.2020 que forma parte deste expediente. Neste sentido, na base 33.2 das bases de execución do orzamento relaciónanse os beneficiarios, finalidades e importes máximos das subvencións nominativas do exercicio 2020 na que se inclúe unha subvención nominativa a favor da Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas cun importe de 3.500,00 euros, nos seguintes termos:



| “Entidade beneficiaria                               | NIF Beneficiario | Importe 2020 | Aplicación orzamentaria | Obxecto                                                                       |
|------------------------------------------------------|------------------|--------------|-------------------------|-------------------------------------------------------------------------------|
| FEDERACIÓN GALLEGA DE KÁRATE Y DISCIPLINAS ASOCIADAS | G36640019        | 3.500,00     | 090-34100-4890000       | Colaborar nos gastos pola organización do Campionato Galego sénior de Karate” |

Segundo o establecido na proposta do servizo de deportes que serve de base a este expediente, a entidade beneficiaria comunica á Concelleira de Deportes a imposibilidade de poder executar o obxecto previsto como xustificación da subvención nominativa concedida polo Concello para este exercicio 2020 véndose na obrigada de suspender o mencionado Campionato con motivo da problemática actual xerada pola pandemia da COVID-19, propoñendo como alternativa na cidade a celebración do Campionato Galego Infantil que terá lugar o vindeiro 5 de decembro de 2020.

Trátase de toma de acordo polo Pleno de dar de baixa na base 33.2 das Bases de Execución do Orzamento 2020 relativa á relación de beneficiarios, finalidades e importe máximos anuais das subvencións nominativas no exercicio 2020 o obxecto da subvención relacionada coa entidade “FEDERACIÓN GALLEGA DE KÁRATE Y DISCIPLINAS ASOCIADAS” co NIF de beneficiario “G36640019“, de importe máximo concedido de 3.500,00 euros e co obxecto “Colaborar nos gastos pola organización do Campionato Galego sénior de Karate”, propoñendo na súa substitución como novo obxecto o de “Colaborar nos gastos pola organización do Campionato Galego Infantil de Karate de 2020”.

No que atinxe ao procedemento indicar que a modificación das bases de execución, en tanto que integrantes do contido do orzamento consonte os artigos 165.1 do TRLFL e 9 do RD 500/1990, precisa dos mesmos trámites que a aprobación deste último previstos no artigo 169 do TRLFL.

Aprobada a modificación inicialmente polo Pleno da Corporación, exporase ao público, previo anuncio no BOP, durante 15 días hábiles nos que os interesado poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que xulguen oportunas. A modificación entenderase definitivamente aprobada se no antedito prazo non se presentaran reclamacións, do contrario o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

#### **IV. PROPOSTA**

De conformidade co antedito proponse que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, eleve á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de

Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, en relación á seguinte proposta:

**Primeiro.-** Aprobar a modificación da base 33.2 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2020 relativo á relación de subvencións nominativas, no sentido de cambiar o obxecto da subvención nominativa recollida a favor entidade beneficiaria “FEDERACIÓN GALLEGA DE KÁRATE Y DISCIPLINAS ASOCIADAS” co NIF de beneficiario “G36640019“, de importe máximo concedido de 3.500,00 euros e co obxecto inicial de “Colaborar nos gastos pola organización do Campionato Galego sénior de Karate”, propoñendo na súa substitución como novo obxecto o de “Colaborar nos gastos pola organización do Campionato Galego Infantil de Karate de 2020”.

Neste sentido, o cadro que recolle na base 33.2 de execución do orzamento 2020 a relación dos beneficiarios, finalidades e importes máximos das subvencións nominativas do exercicio 2020, deberá reflectir o seguinte beneficiario, co seguinte importe e obxecto modificado:

| “Entidade beneficiaria                               | NIF Beneficiario | Importe 2020 | Aplicación orzamentaria | Obxecto                                                                                 |
|------------------------------------------------------|------------------|--------------|-------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------|
| FEDERACIÓN GALLEGA DE KÁRATE Y DISCIPLINAS ASOCIADAS | G36640019        | 3.500,00     | 090-34100-4890000       | Colaborar nos gastos pola organización do Campionato Galego infantil de Karate de 2020” |

**Segundo.-** Na tramitación deste expediente seguiranse as mesmas normas sobre información, reclamacións, publicidade e recursos recollidas nos artigos 169 e seguintes do TRLFL, e artigos 18 e seguintes do RD 500/1990, de 20 de abril.

**Terceiro.-** Este acordo de modificación das bases de execución entenderase definitivamente aprobado se no prazo sinalado ao efecto non se presentaran reclamacións.”

Consta no expediente informe de intervención de data 26 de outubro do corrente ano, ref. 972/2020, en relación a este expediente, e acordo da Xunta de Goberno Local de aprobación do proxecto, de data 27 de outubro do corrente ano.

Á vista do informe proposta e demais documentación que obra no expediente, e o ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, correspondente á sesión extraordinaria e urxente do día 29 de outubro do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

**Primeiro.-** Aprobar a modificación da base 33.2 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2020 relativo á relación de subvencións nominativas, no sentido de cambiar o obxecto da subvención nominativa recollida a favor entidade beneficiaria “FEDERACIÓN GALLEGA DE KÁRATE Y DISCIPLINAS ASOCIADAS” co NIF de beneficiario “G36640019“, de importe máximo concedido de 3.500,00 euros e co obxecto inicial de “Colaborar nos gastos pola organización do Campionato Galego sénior de Karate”, proponendo na súa substitución como novo obxecto o de “Colaborar nos gastos pola organización do Campionato Galego Infantil de Karate de 2020”.

Neste sentido, o cadro que recolle na base 33.2 de execución do orzamento 2020 a relación dos beneficiarios, finalidades e importes máximos das subvencións nominativas do exercicio 2020, deberá reflectir o seguinte beneficiario, co seguinte importe e obxecto modificado:

| “Entidade beneficiaria                               | NIF Beneficiario | Importe 2020 | Aplicación orzamentaria | Obxecto                                                                                 |
|------------------------------------------------------|------------------|--------------|-------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------|
| FEDERACIÓN GALLEGA DE KÁRATE Y DISCIPLINAS ASOCIADAS | G36640019        | 3.500,00     | 090-34100-4890000       | Colaborar nos gastos pola organización do Campionato Galego infantil de Karate de 2020” |

**Segundo.-** Na tramitación deste expediente seguiranse as mesmas normas sobre información, reclamacións, publicidade e recursos recollidas nos artigos 169 e seguintes do TRLFL, e artigos 18 e seguintes do RD 500/1990, de 20 de abril.

**Terceiro.-** Este acordo de modificación das bases de execución entenderase definitivamente aprobado se no prazo sinalado ao efecto non se presentaran reclamacións.

## **7. PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE TURISMO DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO Á REDE DE DESTINOS TURÍSTICOS INTELIXENTES.**

A proposta do concelleiro delegado de turismo, en relación ao asunto do epígrafe de data 16 de outubro, ten o seguinte contido:

“Gumersindo Guinarte Cabada, concelleiro delegado de Turismo,

EXPÓN:

## 1. ANTECEDENTES

Nos últimos anos tense desenvolto o concepto de “Destino Turístico Intelixente”, concebido como un destino turístico innovador, consolidado sobre unha infraestrutura tecnolóxica de vangarda, que garante o desenvolvemento sostible do territorio turístico, accesible para todos e todas, que facilita a interacción e integración da persoa visitante co entorno e incrementa a calidade da súa experiencia no destino e, ao mesmo tempo, mellora a calidade de vida do residente.

Dende o Concello de Santiago e Turismo de Santiago estanse desenvolvendo dous proxectos que parten do uso dunha infraestrutura tecnolóxica de vangarda e de Big Data, que poden considerarse como propios dun Destino Turístico Intelixente. Son o proxecto Smartiago e o proxecto europeo Bodah.

O obxectivo principal do proxecto Smartiago é a posta en marcha dunha folla de ruta formada por un conxunto de solucións tecnolóxicas innovadoras no ámbito das cidades intelixentes, encamiñadas a converter a Santiago de Compostela na primeira iniciativa que busca eficiencia, máxima aplicabilidade e adaptación da I+D ás problemáticas das Cidades Patrimonio no seu conxunto, de xeito que os resultados sexan altamente escalables, eficientes e replicables noutras cidades ou contornas nos que o Patrimonio Histórico sexa un atributo distintivo das mesmas.

Pola súa banda, o obxectivo do proxecto europeo Bodah é fortalecer un modelo de desenvolvemento sostible do turismo, dos fluxos de cidadáns e a redistribución dos seus impactos grazas ao uso de datos e de tecnoloxías intelixentes. No *Bodah* desenvolveranse novas ferramentas e solucións en liña cos cambios actuais do sector e integrando características propias dos destinos turísticos intelixentes. O Bodah é un proxecto liderado por Turismo de Santiago, no que participan universidades e entidades de España, Portugal, Francia, Escocia, Gales e Irlanda.

Ademais, o Concello de Santiago elaborou nos meses pasados o “Plan de Sostibilidade Turística de Santiago”, que foi seleccionado pola Secretaría de Estado de Turismo dentro da súa convocatoria de Plans de Sostibilidade Turística 2021-2023. No eixo 2 deste Plan propónse profundizar na aplicación da tecnoloxía da información ao visitante e na xestión dos fluxos turísticos, fundamental para reorientar eses fluxos e mellorar a experiencia turística e a seguridade das persoas e a saúde. Para iso propónse a configuración dunha plataforma de xestión do destino intelixente que complementará as accións en curso na cidade neste ámbito.

Partindo da importancia que ten acadado nos últimos anos o concepto de “Destino Turístico Intelixente” e das iniciativas que se están desenvolvendo dende o Concello de Santiago nesta liña, considerase que neste momento é preciso dar un paso máis tanto na



visibilización desta aposta municipal como da importancia que ten para Santiago como destino consolidarse como un Destino Turístico Intelixente.

Neste sentido, considerase que a adhesión da cidade á Rede de Destinos Turísticos Intelixentes permitiría serviría para conseguir dous obxectivos complementarios: por unha banda, poría en valor o esforzo que se está facendo dende o Concello de Santiago na conversión da cidade nun Destino Turístico Intelixente e, por outra banda, permitiría que a cidade formase parte dunha Rede de Destinos que están traballando para implementar proxectos propios de Destinos Intelixentes, o que permitira tanto intercambiar experiencias e coñecementos, como participar en proxectos compartidos.

## 2. REDE DE DESTINOS TURÍSTICOS INTELIXENTES

A Rede de Destinos Turísticos Intelixentes formalizouse en outubro de 2018 e en febreiro de 2019 firmouse o protocolo que oficializaba á adhesión dos seus membros, celebrándose a primeira reunión da comisión plenaria.

O principal obxectivo da Rede Destinos Turísticos Intelixentes é liderar, dende a sostibilidade, o desenvolvemento do sector turístico a través da innovación e a tecnoloxía, promovendo sinerxías e transferencias de coñecemento entre os membros da rede, maximizando así os beneficios da metodoloxía dos Destinos Turísticos Intelixentes.

En concreto, a Secretaría de Estado de Turismo e SEGITTUR coordinan a Rede cos seguintes obxectivos:

1. Promover a conversión dos destinos turísticos españois a destinos intelixentes e a súa adhesión á Rede.
  2. Fomentar a colaboración público-público e público-privada no desenvolvemento de produtos, servizos e actuacións dos Destinos Turísticos Intelixentes.
  3. Contribuír a garantir o liderado de España en materia de intelixencia turística a través das actuacións que realice a Rede.
  4. Garantir a calidade e a evolución do proxecto de Destinos Turísticos Intelixentes.
- A Rede actúa en ámbitos cun enfoque interno, realizando accións de asesoramento na aplicación da metodoloxía e promovendo o intercambio de experiencias e boas prácticas entre os seus membros.

A Rede actúa tamén ámbitos cun enfoque externo dando visibilidade ao proxecto e aos Destinos Turísticos Intelixentes, no ámbito español e internacional, difundindo o traballo realizado e contribuíndo a por de manifesto o liderado de España en intelixencia turística.

## 3. SERVIZOS DA REDE



Os membros da Rede teñen a oportunidade de participar na evolución do proxecto a través dos diferentes grupos de traballo e foros, así como de ter contacto e acceso a información de interese nas diferentes materias dos eixos dun Destino Turístico Intelixente.

Neste sentido, os membros da Rede poden beneficiarse dos seguintes servizos que se porán en marcha en distintas etapas:

Asistencia na implantación do proceso de conversión en Destino Turístico Intelixente.

Catálogo de provedores de solucións e y servizos tecnolóxicos para destinos.

Bases de datos de axudas, subvencións e financiamento, nacional e internacional.

Asesoramento en convocatorias da UE.

Programa de formación e capacitación en materias relacionadas cos eixos da metodoloxía de Destinos Turísticos Intelixentes.

Servizo de novas, estudos e publicacións.

Asesoramento en materia de normalización e implantación de selos como el SICTED (Sistema Integral de Calidade Turística Española en Destino).

Presenza e participación en feiras e foros nacionais e internacionais, así como outras redes.

#### 4. MEMBROS E ESTRUCTURA DA REDE

A Rede de Destinos Turísticos Intelixentes quere ser un instrumento integrador no que estén representados todos aqueles destinos que iniciaron o proceso para distinguirse como Destino Turístico Intelixente, así como outros actores imprescindibles para elo, dende os diferentes niveis de administracións públicas implicadas ao sector privado e académico. É dicir, todas aquelas entidades que polo seu coñecemento e ámbito de traballo poden aportar valor ao desenvolvemento dos Destinos Turísticos Intelixentes. Actualmente a rede ten preto de 200 membros, entre empresas, entidades, asociacións e concellos.

Os órganos de goberno da Rede estrutúranse en dous, ambos presididos pola Secretaría de Estado de Turismo. A comisión plenaria, que acolle un representante de todos e cada un dos membros, exercendo de órgano de validación e proposta de traballo que faga a Rede. E a comisión executiva, con tres vicepresidencias, unha ocupada por SEGITTUR, como xestor da Rede, outra pola Federación Española de Municipios e Provincias e unha terceira polo presidente de Red.es, así como varias vogalías para os destinos. O obxectivo é facilitar a execución, xestión, seguimento e cumprimento das actividades e proxectos da Rede.

En base aos puntos precedentes, e de acordo co disposto na Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, Reguladora do Dereito de Asociación, Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na Lei 39/2015, do 1 de



outubro, do Procedemento Administrativo Común, Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais e artigos 22.2.b) e 47.2.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

PROPONSE,

Solicitar a adhesión do Concello de Santiago á Rede de Destinos Turísticos Intelixentes na seguinte reunión da Comisión Executiva da Rede, prevista para o mes de decembro.”

Rematado o debate e á vista da proposta transcrita, máis do ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas correspondente á sesión ordinaria do pasado día 22, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (10 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda solicitar a adhesión do Concello de Santiago á Rede de Destinos Turísticos Intelixentes, na seguinte reunión da Comisión Executiva da Rede, prevista para o mes de decembro.

## **8. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS:**

O Pleno da Corporación, aproba por unanimidade as seguintes declaracións institucionais que veñen asinadas polos portavoces dos catro grupos políticos municipais:

### **SOBRE A RECUPERACIÓN DOS SERVIZOS FERROVIARIOS SUPRIMIDOS EN GALICIA.**

Ante a necesidade de recuperar os servizos ferroviarios que foron suprimidos desde o pasado mes de marzo no conxunto da Comunidade Autónoma de Galicia, circunstancia que lle afecta singularmente á capital de Galicia, a Corporación Municipal de Santiago de Compostela manifesta a súa adhesión ao acordo unánime alcanzado no Pleno do Parlamento de Galicia do pasado 21 de outubro de 2020 mediante o que se demanda do Goberno de España que:

1. Restableza todos os servizos de tren que foron suprimidos amparándose na pandemia provocada pola COVID-19, tanto no que ten que ver coas conexións interiores na propia Comunidade galega como coas conexións de Galicia con outras Comunidades Autónomas, nomeadamente coas cidades de Barcelona e Madrid, ofrecendo servizos acordes ao incremento da demanda por parte dos usuarios.



2. Incremente o cadro de persoal de maquinistas e dote do persoal necesario aos servizos ferroviarios que se prestan nestas liñas co obxectivo de ofrecer un transporte de tren de calidade aos usuarios.

3. Un plan extraordinario de investimentos para a modernización e mellora da rede ferroviaria galega que inclúa con carácter prioritario as seguintes liñas:

- a. Ourense-Lugo
- b. Lugo-Coruña-Ferrol
- c. Coruña-Ferrol
- d. Ferrol-Ribadeo
- e. Vigo-Ourense
- f. Vigo-Porto

4. Desta declaración institucional daráselle conta ao Parlamento de Galicia, á Xunta de Galicia e ao Goberno de España.”

### **SOBRE MANUEL QUINTÁNS SUÁREZ**

Manuel Quintáns Suárez (Freixeiro, Santa Comba, 1931 – Santiago de Compostela, 2020) faleceu o pasado 21 de setembro de 2020.

Licenciado en Filosofía e Letras, foi profesor de ensino secundario no I.E.S. Eduardo Pondal e no Colexio Manuel Peleteiro, ademais de noutros centros de Galicia; presidente do xurado do certame de novela Manuel Lueiro, considerado un dos certames literarios máis importantes da comunidade galega; e como escritor, investigador e divulgador ten publicados numerosos ensaios e contributos ao coñecemento literario e cultural, cunha obra dedicada á recuperación da narración oral, á cultura popular, ao refraneiro galego, ao patrimonio cultural, á dramaturxia e aos contos tradicionais.

Fundou e coordinou as revistas *Anduriña* e *Seitura*, e creou a colección Vieiros de Galicia. Colaborou ademais como investigador no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Dirixiu moitos dos seus traballos literarios ao estudo da lingua galega, entre eles o *Dicionario Conceptual Galego*, publicado en 1977, ademais de ser tradutor de varias obras da literatura clásica ao galego, como as de Apuleio e Aristóteles. Outros dos seus títulos publicados son *Antoloxía de contos populares de Galicia*, *Anuario de Tradicións Galegas*, *O outro mundo na cultura popular galega* e o *Cancioneiro de Celanova e outros cancioneros*.





Ademais da súa obra ensaística chegou a publicar unha novela, “*Nerio. Repinique de silencios en vermello*”, en 2008.

Trátase, pois, dun home moi vinculado a Santiago de Compostela e á nosa lingua, que dedicou a súa vida ao ensino das compostelás e os composteláns e contribuíu cunha gran aportación literaria, investigadora e divulgativa ao desenvolvemento cultural desta cidade, polo que merece estas distincións para ser lembrado polas xeracións presentes e futuras.

Por todo isto, asínase esta declaración institucional para levar á Comisión de Títulos, Honras e Condecoracións a petición de dedicarlle unha rúa a Manuel Quintáns Suárez, nomealo Fillo Adoptivo da cidade de Santiago de Compostela e organizar un evento cultural na súa memoria.

**Interrómpese a sesión por problemas técnicos cando son as 17:45 horas e vólvese a reanudar ás 18:07 horas.**

#### **9. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS E PARA RELANZAR O COMPROMISO ACTIVO COA CONMEMORACIÓN DO 25-N.**

A proposición do epígrafe presentada con data 16 de outubro do corrente ano e número de rexistro 313, foi transformada en moción conxunta de todos os grupos políticos municipais.

#### **10. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA DUPLICAR A PARTIDA DESTINADA A ARRANXAR OS CENTROS DE ENSINO.**

O texto da proposición sobre a partida destinada a arranxar os centros de ensino presentada con data 20 de outubro do corrente ano, número de rexistro 315, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno relativa a duplicar a partida destinada a arranxar os centros de ensino, ademais de realizar as xestións precisas coa Xunta para incrementar a súa dotación orzamentaria co fin de proceder á ampliación de espazos e ao mantemento das instalacións educativas de Santiago de Compostela.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Na web municipal expónse que a Concellaría de Educación desenvolve as súas actividades exercendo as distintas competencias que a lexislación estatal e autonómica lles asignan aos concellos no eido da educación, entre os que se atopan: o mantemento, conservación e reparación dos edificios e equipamentos escolares públicos de educación infantil e primaria, o que supón facerse cargo dos consumos de auga, teléfono, calefacción e electricidade; limpeza diaria e saneamento; conserxaría e vixilancia dos centros e labores de reparación e melloras nas instalacións (carpintería, albanelería, electricidade, etc.)

En 2015-2016, durante a negociación dos Orzamentos municipais, aceptouse unha proposta do BNG e incluíuse unha partida de 400.000 euros anuais para pór en marcha un Plan cuadrienal de mantemento e mellora dos centros de ensino que tiña, entre outros obxectivos, os da reparación de cubertas, a renovación de carpinterías e o mantemento de parques infantís escolares, de acordo coas demandas expresadas polas ANPA.

Pese a conseguir este incremento, os centros de ensino seguen a presentar eivas derivadas da falta de mantemento que, unido á antigüidade das instalacións, precisan dunha maior dedicación e orzamento para a execución destas pequenas obras que facilitan a confortabilidade de alumnado e profesorado, especialmente nestes tempos de pandemia da covid-19.

A modo de exemplo, a comunidade educativa do CEIP López Ferreiro trasladou que precisa que se fagan accesíbeis os baños que están inutilizados e ampliar os espazos exteriores, para o que solicita que pechen as pistas que se empregan nos recreos. Por outra parte, para poder dispor dun patio cuberto nos días de choiva e que as crianzas non teñan que pasar os recreos nas aulas, propoñen a instalación dunha carpa móbil que se poida desmontar. A comunidade educativa deste centro tamén propón acondicionar o patio polo que se accede ao comedor, ademais de realizar obras para o seu mantemento en boas condicións. As nais e os pais solicitan, ademais, que se aumente a seguranza na rúa dos Xasmíns, pois boa parte da beirarrúa está inutilizada por aparcamentos indebidos. Por iso cómpre buscar solucións alternativas, para mudar a beirarrúa de aparcamento ou instalar bolardos, para incrementar a seguranza nos pasos de peóns, ademais dun sistema de control de velocidade.

Outro exemplo, no CEIP Ramón Cabanillas a comunidade educativa reclama unha cuberta para o patio exterior e unha carpa para o patio de infantil e outra para o que utiliza o alumnado de primeiro e segundo de primaria, ademais de obras de mantemento relacionadas con oxidación, canalización de augas e drenaxes para recuperar e ter en bo estado estas instalacións.



O Concello de Santiago forma parte da Asociación Internacional de Cidades Educadoras (AICE) desde o ano 1996 e, no Pleno de 31 de marzo de 2005, aprobouse o novo texto da Carta das Cidades Educadoras que, entre outros, sinala o seguinte:

*Estes son os grandes retos do século XXI: en primeiro lugar, investir na educación, en cada persoa, de maneira que esta sexa cada vez máis capaz de expresar, afirmar e desenvolver o seu propio potencial humano, coa súa singularidade, creatividade e responsabilidade. En segundo lugar, promover condicións de plena igualdade para que todos poidan sentirse respectados e ser respectuosos, capaces de diálogo. E, en terceiro lugar, conxugar todos os factores posíbeis para que se poida construír, cidade a cidade, unha verdadeira sociedade de coñecemento sen exclusións, para o que hai que prever, entre outras necesidades, un acceso fácil de toda a poboación ás tecnoloxías da información e ás comunicacións que permiten o seu desenvolvemento.*

Neste sentido, para conseguir que Santiago de Compostela sexa unha verdadeira cidade do coñecemento e que se promovan as condicións de plena igualdade, faise necesario contar con instalacións adecuadas e en boas condicións para poder desenvolver as actividades educativas sen discriminacións e co obxectivo de fortalecer o ensino público.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

O Concello de Santiago de Compostela incluírá nos Orzamentos municipais de 2021 unha partida de 800.000 euros, que duplique o investimento actual para o mantemento e mellora dos centros de ensino, toda vez que resulta insuficiente e se trata da realización de obras básicas, e a realizar as xestións precisas para complementar esta dotación co fin de incrementar os fondos da Xunta para adecuar os centros de ensino ás necesidades de ampliación de espazo e de mantemento das instalacións.”

Á presente proposición presentou emenda o grupo municipal do Partido Popular, co seguinte contido de acordo:

“O Pleno insta ao correspondente órgano de goberno a elaborar e aprobar un plan plurianual de actuacións, a executar por fases no que resta de mandato, para a adecuación e mellora dos centros escolares de Santiago, no que se estableza un orzamento e un cronograma, para o que se solicitará a colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia”.

O grupo municipal do BNG presentou emenda de transacción á anterior emenda do grupo municipal do Partido Popular, co seguinte contido:

“O Pleno insta ao correspondente órgano de goberno a elaborar e aprobar un plan plurianual de actuacións, a executar por fases no que resta de mandato, para a adecuación e mellora dos centros escolares de Santiago, no que se estableza un orzamento -que se verá incrementado substancialmente xa para o ano 2021- e un cronograma, para o que se solicitará a colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia”.

Despois de rematar o debate que se fixo conxuntamente coa moción sobre a mesma temática, e de ser aceptada a emenda do grupo municipal do Partido Popular coa transaccional do BNG, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano de goberno a elaborar e aprobar un plan plurianual de actuacións, a executar por fases no que resta de mandato, para a adecuación e mellora dos centros escolares de Santiago, no que se estableza un orzamento -que se verá incrementado substancialmente xa para o ano 2021- e un cronograma, para o que se solicitará a colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.

## **11. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA CREAR O ROTEIRO “COMPOSTELA, ENCONTRO DOS CAMIÑOS”.**

O texto da proposición do epígrafe presentada con data 20 de outubro de 2020, número de rexistro 316, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno relativa á creación e difusión do roteiro “Compostela, encontro dos camiños”.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Compostela é a cidade onde conflúen todos os camiños, que son utilizados por peregrinos e peregrinas como vía de acceso e poucas veces son aproveitados pola veciñanza e visitantes para as súas actividades de cultura, sendeirismo e lecer.

Completar unha senda circular que comunique os diferentes Camiños de Santiago xa existentes, cunha clara e sinxela sinalización que permita o acceso desde distintos puntos da cidade, pode servir para crear o roteiro “Compostela, encontro dos camiños”.

Esta senda pode ser considerada unha nova etapa e colofón final do Camiño de Santiago, que lles facilite a peregrinos e peregrinas gozar dun percorrido simbólico e real polas distintas vías históricas de entrada á nosa cidade.



Desta maneira, aprobeitanse todas as intervencións xa realizadas nun proxecto global e integrador para divulgar e gozar do patrimonio ambiental, cultural e artístico descoñecido para unha parte importante da veciñanza e de visitantes. Ademais, isto responde ás novas necesidades de busca de espazos abertos derivados da prevención da covid-19. A modo de exemplos:

-A nivel arquitectónico: Colexiata de Sar, calzada e ponte de Sar, mosteiro de Conxo, pavillón psiquiátrico coa escaleira de Benlliure, Castelo da Rocha, Cidade da Cultura, fontes, lavadoiros, muíños, curtidorías, petróglifos...

-A nivel ambiental: os ríos Sar, Sarela e Santa Lucía, O Pedroso, Monte de Deus, O Viso, Gaiás...

Tanto peregrinos/as como turistas poderán contar con novas actividades que animen a pernoctar e alongar a súa estancia, ao tempo que santiagueses/as terán unha senda circular onde poder facer sendeirismo e deporte, socializar e gozar da natureza e do patrimonio. Trátase, por exemplo, de sinalizar desde o camiño na zona á beira da Colexiata de Sar o lavadoiro octogonal situado nas proximidades polo seu alto valor etnográfico para facilitar a súa chegada, e así cada elemento que se queira destacar para enriquecer o coñecemento e a experiencia da visita.

Ademais, partindo desta nova senda pode sinalizarse o acceso a outras rutas do concello que xa figuran na páxina web <https://www.parquefluvialdesantiago.org/>, como son a do río de Santa Lucía, a do castro de Vixoi, a da ponte Albar e a dos petróglifos de Villestro, entre outras.

É necesario ter en conta que o Concello de Santiago xa realizou un importante traballo para a recuperación destes camiños e para a súa difusión mediante visitas guiadas e distribución de folletos explicativos, que cómpre reeditar.

A experiencia do anel verde de Gasteiz, que conta con 2 millóns de visitantes anuais, pode servir de guía para a elaboración dos itinerarios.

Por último, considérase que esta intervención non precisa dun forte investimento, por estar xa feitas a maioría das sendas, centrándose na unión destas e na sinalización campaña de promoción.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

## **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**



O Concello de Santiago de Compostela incluíra nos Orzamentos de 2021 unha partida para a creación do roteiro “Compostela, encontro dos camiños” concibido como un percorrido circular que una os tramos xa acondicionados coa sinalización e mantemento adecuados para a súa difusión, ademais de reeditar as publicacións existentes e de organizar visitas guiadas, coas medidas de prevención necesarias para evitar o contaxio da covid-19.”

Á citada proposición presentaron emendas os grupos municipais de CA e do PSdeG-PSOE, que foron aceptadas e transaccionadas nunha emenda do BNG, co seguinte contido:

“O Concello de Santiago de Compostela, no marco das actuacións que realizará a concellaría de Turismo no ano 2021, creará o roteiro “Compostela, encontro dos camiños” concibido como un percorrido circular que una os tramos xa acondicionados dos camiños, coa sinalización e mantemento adecuados para a súa difusión, e incorporando información na web de turismo de Santiago e en publicacións e folletos (deseñárase e editarase un folleto sobre a nova ruta e o resto das rutas xa existentes) e fomentando as visitas guiadas, coas medidas de prevención necesarias para evitar o contaxio pola covid-19.”

Xa que logo, o Pleno da Corporación por unanimidade, dos/as concelleiros/as acorda que o Concello de Santiago de Compostela, no marco das actuacións que realizará a concellaría de Turismo no ano 2021, creará o roteiro “Compostela, encontro dos camiños” concibido como un percorrido circular que una os tramos xa acondicionados dos camiños, coa sinalización e mantemento adecuados para a súa difusión, e incorporando información na web de turismo de Santiago e en publicacións e folletos (deseñárase e editarase un folleto sobre a nova ruta e o resto das rutas xa existentes) e fomentando as visitas guiadas, coas medidas de prevención necesarias para evitar o contaxio pola covid-19.

## **12. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E A SÚA PRÓXIMA LICITACIÓN.**

O texto da proposición presentada con data 20 de outubro de 2020, número de rexistro 328, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. A proposta de acordo ten como obxectivo manter e reforzar o compromiso do Concello de Santiago coa calidade da prestación, e a suficiente dotación orzamentaria, do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) no noso termo municipal.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Durante o segundo semestre de 2017 a Concellaría de Políticas Sociais, dirixida naquel momento por Concha Fernández, licitou un novo contrato do Servizo de Axuda no Fogar que, posteriormente, comezou a funcionar en febreiro de 2018 e que aínda agora está vixente.

Naquela altura, o orzamento do contrato do SAF alcanzou os 1.979.656,25 euros ao ano, o que supuxo duplicar a contía en relación ao anterior contrato de abril de 2015, licitado polo goberno de Agustín Hernández e o Partido Popular. Este contrato permitiu atender un total de 121.825 horas ao ano, o dobre que o que se viña realizando ata aquel momento. Ademais, o contrato foi absolutamente reformado e adaptado ás previsións normativas recentes, co fin de cumprir os compromisos que o goberno de Compostela Aberta tiña adquiridos.

Nos pregos para a licitación do servizo incorporáronse unha serie de melloras de forma obrigatoria que, ata aquel momento, eran cuestións optativas que podían ou non ofertar as empresas. Así, obrigouse ás empresas adxudicatarias a pór a disposición do servizo camas articuladas, guindastres con arneses e colchóns antiescaras para persoas con mobilidade reducida. Incorporáronse 4 prazas residenciais para a súa utilización polo Concello nos supostos de urxencia; e os servizos de perruquería, podoloxía e limpeza de choque pasaron a ser de prestación obrigatoria no servizo. Tamén se estableceu que na prestación do servizo non haxa máis de 2 auxiliares cun mesmo usuario ou usuaria.

Ademais, o contrato de 2018 garantiu a posibilidade de incrementar as horas de servizo nun 40% no caso de que a Xunta dera novas altas de usuarios e usuarias, algo que non estaba recollido no contrato anterior de 2015. Isto deulle unha marxe ao Goberno actual, xa que o orzamento inicial de case 4 millóns de euros para dous anos puido ser incrementado ata en 1,6 millóns, fronte ao aumento de tan só 250.000 euros que permitía a anterior adxudicación. O contrato de 2018 foi, ademais, un dos primeiros en incorporar as cláusulas sociais na contratación pública. Deste xeito, o goberno de Compostela Aberta iniciou un camiño que ata aquel momento non era habitual nos servizos de contratación municipais, para primar a calidade e non só o prezo na contratación pública no Concello de Santiago.

Xa neste mandato e diante da nova licitación, Compostela Aberta solicitou o incremento do orzamento do novo contrato do SAF durante as negociacións dos orzamentos municipais de 2020. No acordo asinado en febreiro entre CA e PSOE, recóllese o compromiso de *“incrementar a dotación orzamentaria para o novo contrato de Servizo de Axuda no Fogar en máis dun 53%”*. Nos pregos da nova licitación (expediente CON/11/2020), presentados pola concelleira delegada Mila Castro o pasado 12 de agosto



e publicados dous días despois, recóllese que o importe anual do contrato será de 3.029.138,19 euros.

Uns días despois da aprobación destes novos pregos, o 31 de agosto, a Federación de Servizos do sindicato CCOO interpuxo un recurso especial en materia de contratación diante do TACgal (Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia). Este Tribunal acordou, o 8 de setembro, a suspensión da licitación como medida cautelar, aínda que sen afectación ao prazo concedido para a presentación de ofertas ou proposicións por parte dos interesados. Finalmente, o 30 de setembro, o TACgal resolveu a estimación parcial do recurso de CCOO, motivado polo cálculo insuficiente da partida destinada á dotación de materiais, con explícita referencia ao necesario para a realización do seu traballo polo persoal adscrito ao servizo e para a protección fronte á Covid-19 . É de destacar que o Concello presentou alegacións ás demandas presentadas pola central sindical en relación a esta falta de fondos para a adquisición de material de protección. O goberno municipal argumentou que o informe económico era anterior ao estado de alarma (cando os pregos foron publicados no mes de agosto), cuestionou que fora preciso o material solicitado para todas as traballadoras, indicou que as empresas podían asumir o custo a cargo da súa marxe de beneficios -reducíndoos entre un 30 ou 50%- ou que había varias empresas presentadas ao concurso e que ningunha manifestara dúbidas sobre o material esencial para as traballadoras.

Alarmados por esta situación, e polos motivos para a estimación parcial do recurso, o Grupo de Compostela Aberta realizou unha rolda de contactos coas traballadoras do SAF e a súa representación sindical, na que detectamos un malestar crecente coa falta de control do Concello na prestación do contrato así como da falta de interlocución da responsable política do departamento; Mila Castro.

Hai que ter en conta que este sector é un dos que máis precarizado e feminizado está polo que se require do Concello unha especial sensibilidade e atención á situación dun colectivo de traballadoras que ademais teñen como obxectivo coidar a quen máis o necesita. É por iso que non se entende por qué a concelleira decidiu cortar a interlocución coas traballadoras ao acceder a responsabilidades de goberno, cando consta que anteriormente -na oposición- as animaba a manifestar a súa opinión.

O propio sindicato CCOO estima que o mal cálculo do Concello na falta de material de protección e EPIs suporía un desfase no orzamento dun mínimo de 120.000 €, tendo en conta o seu uso diario e a necesaria almacenaxe ou stock para situacións imprevistas. Este é un material moi sensible nos tempos actuais, e debe ser contemplado e valorado correctamente nos próximos pregos tal e como reivindican as traballadoras, que poñen énfase nesta cuestión porque nos meses pasados víronse, moitas veces, indefensas ou discriminadas diante da falta de materiais e sen seren sometidas a probas PCR a pesar da



súa evidente situación de risco. Unha situación que se viu agudizada pola falta de diálogo e control político por parte da concelleira.

Outras reivindicacións do colectivo, que non foron escoitadas, teñen que ver coa súa mobilidade -mellor pago das kilometraxes, posibilidade de estacionar en zonas verdes,... -, con maiores medidas de conciliación, que exista máis coordinación e seguimento para facer as visitas aos domicilios, que se establezan protocolos claros -e que se cumpran- sobre o coronavirus, que se amplíe a rotación das auxiliares, que se contemple o convenio galego como o referente no prego -e polo tanto o complemento salarial que este recolle-, que exista unha mediación do Concello nos conflitos coas empresas que prestan o servizo tal e como existía anteriormente, que se incorpore unha inspección específica para este contrato que recoñeza como se presta o servizo e as condicións laborais das traballadoras, que se organicen correctamente as bolsas de horas das traballadoras, que exista unha información clara e recoñecible por parte da adxudicataria e que esta poida ser verificada polo Concello, que se respecten os dereitos laborais e a privacidade das traballadoras, que exista un plan de formación continua, que se incorpore un plan de riscos laborais ao servizo, ou que se recoñeza un plus de perigosidade e toxicidade, entre outras.

En xeral, as traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar están a reclamar que desde o departamento municipal do que depende o contrato se escoite a súa voz para poder coñecer mellor e de primeira man como funciona o servizo e cales son as súas necesidades máis urxentes. Reclamacións, todas elas xustas, ás que se pode acceder a partir do establecemento dunha interlocución directa coas traballadoras.

Así pois, tendo en conta o anterior, e que o contrato actualmente en vigor, licitado por CA, foi un referente en Galicia e non debe haber retrocesos nin do punto de vista da prestación e calidade do servizo nin do punto de vista dos dereitos das traballadoras senón que se debe seguir avanzando no camiño aberto durante o pasado mandato, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

#### **ACORDO:**

O Pleno insta ao goberno local a:

1. Garantir na próxima licitación do contrato do Servizo de Axuda no Fogar a suficiente dotación orzamentaria para a adquisición de material de protección para as traballadoras do SAF.
2. Que o departamento de Políticas Sociais, e a súa responsable política, establezan as canles de interlocución directa necesarias para recoñecer as demandas do colectivo de traballadoras do SAF.

3. Que no novo prego do contrato se incorporen, na medida do posible, estas demandas das traballadoras do SAF.”

Á anterior proposición presentada emenda de engádegas o grupo municipal do Partido Popular, na que propón engadir no terceiro punto do acordo, o seguinte contido:

“3. Que no novo prego do contrato se incorporen, na medida do posible, as demandas das traballadoras do SAF e, se é o caso, que se modifique a normativa municipal para autorizar o aparcamento dos seus vehículos nas inmediacións dos lugares de asistencia e para autorizar, á marxe dos horarios establecidos, o depósito do lixo das vivendas nas que prestan o seu servizo.”

Rematado o debate, e despois de ser aceptada a emenda de engádegas transcrita, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, do Partido Popular e do BNG (5 CA, 8 PP e 2 BNG) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1. Garantir na próxima licitación do contrato do Servizo de Axuda no Fogar a suficiente dotación orzamentaria para a adquisición de material de protección para as traballadoras do SAF.

2. Que o departamento de Políticas Sociais, e a súa responsable política, establezan as canles de interlocución directa necesarias para recoñecer as demandas do colectivo de traballadoras do SAF.

3. Que no novo prego do contrato se incorporen, na medida do posible, as demandas das traballadoras do SAF e, se é o caso, que se modifique a normativa municipal para autorizar o aparcamento dos seus vehículos nas inmediacións dos lugares de asistencia e para autorizar, á marxe dos horarios establecidos, o depósito do lixo das vivendas nas que prestan o seu servizo estas demandas das traballadoras do SAF.

### **13. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A CREACIÓN DUN REXISTRO DE CHAMADAS Á POLICÍA LOCAL QUE DETALLE AS DEMANDAS CIDADÁS E OS IMPEDIMENTOS PARA A SÚA ATENCIÓN.**

O texto da proposición do epígrafe presentada con data 20 de outubro de 2020 e número de rexistro 329, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para o seu tratamento no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Non é a primeira vez que este Grupo Municipal se interesa polo labor e as condicións nas que desenvolve o seu traballo a Policía Local, conscientes da súa importancia crucial, non só no ámbito específico da seguridade cidadá, senón tamén para o normal transcorrer da vida social e a garantía das normas de convivencia.

Aínda que ás veces pasa desapercibida para unha gran maioría da cidadanía, a casuística das actuacións policiais é tan importante como variada: practicar as primeiras dilixencias ante a comisión de delitos ou de accidentes de tráfico, ou ante a caída de persoas na rúa; ordenar tráfico rodado e peonís; controlar o cumprimento das normas de convivencia ou de saúde pública; asistir a persoas necesitadas...

Tal e como temos sinalado noutras ocasións, ás demandas habituais propias de vida dunha cidade hai que engadirle as que derivan da súa condición de centro turístico de primeiro nivel e de capital da Comunidade Autónoma, o que implica unha gran dificultade á hora de darlle unha axeitada cobertura, unha dificultade que sen dúbida se vai intensificar nos vindeiros meses cun maior número de persoas atraídas pola proxección internacional da Cidade no Ano Santo de 2021 e posteriores.

A maioría da Corporación Municipal xa temos coincidido na insuficiencia do actual Corpo da Policía Local de Santiago para cumprir adecuadamente co amplo catálogo de funcións que ten encomendadas. Ese foi o motivo polo que, hai oito meses, adoptamos un acordo para solicitar un aumento do número de efectivos, que actualmente se sitúa un 30% por baixo da ratio establecida en función da poboación. O requirimento ao Goberno do Estado –a quen en última instancia lle compete a autorización para elevar o número de policías- debe tomar en consideración obviamente a singular e excepcional natureza da cidade, pero podería reforzarse cun documento exhaustivo onde se puxera de manifesto de forma detallada as necesidades dos cidadáns que non están sendo atendidas, sendo un rexistro de chamadas non cubertas a base dese documento.

O rexistro poñería en evidencia aqueles casos nos que non fose posible atender o requirimento, detallando as razóns que impiden a actuación. Ese catálogo sería un instrumento de grande interese para xustificar documentalmente a necesidade de ampliar o número de axentes e serviría tamén para dar testemuña ante a cidadanía da dedicación dos axentes existentes, ao poñer de manifesto a súa actividade e as causas que teñan motivado e xustifican a súa falta de actuación en cada caso.

Por todo iso, coa intención de obter un mecanismo fiable que dea conta do complexo labor da Policía Local, dos servizos prestados e das insuficiencias que padece, o Grupo Municipal Popular propón a adopción do seguinte

### **ACORDO:**

O Pleno insta ao corresponde órgano do Concello a que promova a elaboración dun rexistro diario no que se detallen as chamadas e requirimentos da cidadanía que non son atendidos, indicando as causas que o xustifican e -no caso de que a falta de atención coa debida presenza policial se deba á falta de efectivos- facendo constar con detalle horario cales foron as outras actuacións que imposibilitaron a presenza da Policía Local.”

Á anterior proposición presentada emenda de engádegala o grupo municipal de Compostela Aberta, para engadir ao final do texto de acordo, co seguinte contido:

“Co obxectivo de mellorar a prestación deste servizo e asistencia á cidadanía tamén se estudará a implantación dun sistema de gravación de voz que permita ter un rexistro das chamadas entrantes, cumprindo sempre con todos os requirimentos sobre o deber de confidencialidade e o tratamento baseado no consentimento da persoa afectada recollidos nos artigos 5 e 6 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.”

Rematado o debate, e despois de ser aceptada a emenda de engádegala transcrita, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda instar ao corresponde órgano do Concello a que promova a elaboración dun rexistro diario no que se detallen as chamadas e requirimentos da cidadanía que non son atendidos, indicando as causas que o xustifican e -no caso de que a falta de atención coa debida presenza policial se deba á falta de efectivos- facendo constar con detalle horario cales foron as outras actuacións que imposibilitaron a presenza da Policía Local. Co obxectivo de mellorar a prestación deste servizo e asistencia á cidadanía tamén se estudará a implantación dun sistema de gravación de voz que permita ter un rexistro das chamadas entrantes, cumprindo sempre con todos os requirimentos sobre o deber de confidencialidade e o tratamento baseado no consentimento da persoa afectada recollidos nos artigos 5 e 6 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais

### **14. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DOS CENTROS SOCIOCULTURAIS.**

A proposición presentada con data 20 de outubro de 2020, número de rexistro 330, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Santiago, tal e como se recolle na páxina web, conta cunha rede de 44 equipamentos, onde se programa anualmente, despois de escoitar as propostas e suxestións que se presentan, un conxunto de actividades dirixidas á maior franxa posible de persoas interesadas, tratando de garantir unha proposta global e plural.

Esta rede, segundo a información municipal, ten por obxectivo fomentar a convivencia entre a veciñanza a través de programas de ocio (deportes, cine, teatro, excursións, exposicións...), sociais (bibliotecas, cursos de alfabetización de adultos....) e de aprendizaxe (talleres de manualidades, astronomía, xardinería, ioga...). Son, pois, centros abertos á participación e integración social.

A rede de centros conta cunha normativa que rexe o seu funcionamento: o Regulamento de Centros socioculturais aprobado polo Pleno da Corporación o día 30 de setembro de 2010 e a aprobación definitiva publicada no BOP da Coruña o 25 de marzo de 2011.

Este Regulamento establece, no anexo I, a estrutura da rede, diferenciando entre centros e locais socioculturais e determinando unha tipoloxía e organización territorial.

De facto, esta tipoloxía foi mudada polo anterior Goberno de Compostela Aberta ao determinar outra forma de estrutura nos pregos de licitación do servizo no ano 2017, establecendo 5 equipamentos socioculturais (aos que se lle asignaba unha especialidade e orientación), 13 centros socioculturais e 26 locais socioculturais. Por tipoloxía territorial, 13 están considerados zona urbana, 11 de zona urbana e 20 zona rural.

Neste contexto, o Concello vén achegando importantes recursos á dinamización sociocultural a través da contratación pública da prestación do servizo.

O servizo de dinamización e mediación sociocultural da rede de centros cívicos do Concello de Santiago de Compostela actualmente está adxudicado á empresa Ferrovial Servizos SA., mediante contrato o 17 de abril de 2018, con data de inicio 1 de xuño de 2018, que poñía fin a un proceso de licitación controvertido e a unha prestación en precario do servizo de máis de 2 anos. Un contrato de 2.240.490,98 euros para dous anos que rematou o pasado 1 de xuño.

Por iso, o Goberno municipal na XGL do 25 de maio acordou prorrogar este servizo ata o 30 de novembro de 2020 malia o coñecemento de que a empresa adxudicataria non está cumprindo o contrato asinado.



Resulta incomprensible que o goberno municipal prorrogue un servizo por 560.122,74 euros para os meses entre xuño e novembro, unha cifra non menor, para un período de menos actividade particularmente nestes momentos COVID.

E resulta máis incomprensible, ata insultante, que no mesmo documento que se propón a prórroga se faga referencia ao informe do 13 de maio do técnico responsable de centros que reflicte “o incumprimento reiterado polo contratista da súa obriga de executar as melloras pactadas”, afirmando que esta cuestión “deberá ser obxecto de substanciación nun procedemento independente”.

Á vista de todo o exposto, o Grupo Popular propón a adopción do seguinte

### **ACORDO**

O Pleno do Concello de Santiago insta a correspondente órgano do Concello a:

- 1) Revisión do regulamento dos CSC e redefinición das funcionalidades dos centros e do seu uso por terceiros.
- 2) Redacción do novo prego para a licitación do servizo, que recolla as diferentes sensibilidades e necesidades dos centros e da zona onde se sitúan.
- 3) Apertura dun expediente de investigación sobre o nivel de cumprimento do actual contrato e a petición de responsabilidades, de ser o caso.”

Á proposición transcrita presentou emenda de substitución do primeiro punto de acordo, o grupo municipal do BNG, co seguinte contido:

“Revisión, se procede, do regulamento dos centros socioculturais e redefinición das súas funcionalidades e do seu uso por terceiros. En todo caso, cumprimento do regulamento de centros socioculturais coa constitución das Comisións de Centros e do Consello de centros socioculturais respectando o dereito de entidades, persoas ou grupos, sempre sen ánimo de lucro, a solicitar o uso dos centros.”

Rematado o debate, e tras ser aceptada e emenda transcrita, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, do BNG e de CA (8 PP, 2 BNG e 5 CA) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE acorda:

1. Revisión, se procede, do regulamento dos centros socioculturais e redefinición das súas funcionalidades e do seu uso por terceiros. En todo caso, cumprimento do regulamento de centros socioculturais coa constitución das Comisións de centros e do

Consello de centros socioculturais respectando o dereito de entidades, persoas ou grupos, sempre sen ánimo de lucro, a solicitar o uso dos centros.

2. Redacción do novo prego para a licitación do servizo, que recolla as diferentes sensibilidades e necesidades dos centros e da zona onde se sitúan.

3. Apertura dun expediente de investigación sobre o nivel de cumprimento do actual contrato e a petición de responsabilidades, de ser o caso.

#### **15. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE DATAS 25 DE SETEMBRO (NOMEAMENTO CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS) E DE 28 DE SETEMBRO (DEDICACIÓN EXCLUSIVA).**

Dáse conta de resolucións da Alcaldía de data 25 de setembro, número de rexistro 6741 de nomeamento de concelleiros/as delegados/as e de data 28 de setembro, número de rexistro 6827 de dedicación exclusiva.

#### **16. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas dende o 3 de agosto ao 21 de setembro de 2020 (núms. 5601 a 6642).

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas de Xunta de Goberno:

Acta núm. 67 correspondente á sesión ordinaria do día 07/09/20.

Acta núm. 68 correspondente á sesión ordinaria do día 14/09/20.

Acta núm. 69 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 18/09/20.

Acta núm. 70 correspondente á sesión ordinaria do día 21/09/20.

Acta núm. 71 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 23/09/20.

Acta núm. 72 correspondente á sesión ordinaria do día 28/09/20.

#### **15. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.**

##### **Rogos:**

Do grupo municipal de CA, de data 8 de outubro de 2020, núm. 305.

Do grupo municipal de CA, de data 9 de outubro de 2020, núm. 310.

Do grupo municipal do BNG, de data 20 de outubro de 2020, núm. 321.

Do grupo municipal do BNG, de data 20 de outubro de 2020, núm. 322.

Do grupo municipal do BNG, de data 20 de outubro de 2020, núm. 323.

Do grupo municipal de CA, de data 20 de outubro de 2020, núm. 331.

Do grupo municipal do PP, de data 21 de outubro de 2020, núm. 337.



Do grupo municipal do PP, de data 21 de outubro de 2020, núm. 338.

Do grupo municipal do PP, de data 21 de outubro de 2020, núm. 339.

**Preguntas resposta oral:**

Do grupo municipal do BNG, de data 20 de outubro de 2020, núm. 317.

Do grupo municipal do BNG, de data 20 de outubro de 2020, núm. 318.

Do grupo municipal de CA, de data 20 de outubro de 2020, núm. 332.

Do grupo municipal do BNG, de data 21 de outubro de 2020, núm. 334.

Do grupo municipal do PP, de data 21 de outubro de 2020, núm. 340.

Do grupo municipal do PP, de data 21 de outubro de 2020, núm. 341.

Do grupo municipal do PP, de data 21 de outubro de 2020, núm. 342.

Do grupo municipal de CA, de data 21 de outubro de 2020, núm. 346.

**Preguntas resposta escrita:**

Do grupo municipal do BNG, de data 18 de setembro de 2020, núm. 286.

Do grupo municipal de CA, de data 24 de setembro de 2020, núm. 300.

Do grupo municipal do BNG, de data 28 de setembro de 2020, núm. 302.

Do grupo municipal do PP, de data 30 de setembro de 2020, núm. 303.

Do grupo municipal de CA, de data 6 de outubro de 2020, núm. 304.

Do grupo municipal de CA, de data 8 de outubro de 2020, núm. 307.

Do grupo municipal de CA, de data 14 de outubro de 2020, núm. 312.

Do grupo municipal do BNG, de data 20 de outubro de 2020, núm. 319.

Do grupo municipal do BNG, de data 20 de outubro de 2020, núm. 320.

Do grupo municipal do BNG, de data 21 de outubro de 2020, núm. 335.

Do grupo municipal do BNG, de data 21 de outubro de 2020, núm. 348.

**16. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓN PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS:**

1. Rexistro de entrada do día 16 de outubro de 2020, núm. 314, presentada polo grupo municipal de CA, para garantir a continuidade das artes de rúa desde o comezo de 2021.

2. Rexistro de entrada do día 20 de outubro de 2020, núm. 324, presentada polo grupo municipal do BNG, para instar á Xunta a que presente o servizo de comedor no CEIP Casas Novoa, na Sionlla, que non activou neste curso 2020-2021.

3. Rexistro de entrada do día 20 de outubro de 2020, núm. 325, presentada polo grupo municipal do BNG, para poñer en marcha medidas preventivas das violencias de xénero en Santiago de Compostela.

4. Rexistro de entrada do día 20 de outubro de 2020, núm. 326, presentada polo grupo municipal do BNG, para a reposición de servizos de tren suprimidos, a creación dun plan de mellora da rede ferroviaria e do ente ferroviario galego.

5. Rexistro de entrada do día 20 de outubro de 2020, núm. 327, presentada polo grupo municipal do BNG, para a reactivación da asistencia sanitaria.

6. Rexistro de entrada do día 21 de outubro de 2020, núm. 333, presentada polo grupo municipal de CA, para que se execute o acordo plenario sobre a creación dunha comisión encargada de determinar a forma máis sustentable e eficiente de xestionar os servizos de abastecemento de auga e saneamento.

7. Rexistro de entrada do día 21 de outubro de 2020, núm. 336, presentada polo grupo municipal de CA, para presentar o mapa de necesidades escolares e a aprobación dun plano plurianual de actuacións nos centros escolares de infantil e primaria de Santiago.

8. Rexistro de entrada do día 21 de outubro de 2020, núm. 343, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para instar ao Goberno do Estado ao ingreso da contía do IVE sen liquidar de 2017 que lle corresponde ao concello.

9. Rexistro de entrada do día 21 de outubro de 2020, núm. 344, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para a mellora do parque de Ponte Pereda en Conxo.

10. Rexistro de entrada do día 21 de outubro de 2020, núm. 345, presentada polo grupo municipal de CA, para que os concellos reciban 1/3 das axudas con orixe nos fondos europeos de recuperación.

11. Rexistro de entrada do día 21 de outubro de 2020, núm. 347, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para facer efectivas medidas de apoio á igualdade e loita contra a violencia de xénero.

**A moción que figura na relación da orde do día no punto núm. 2 foi retirada, as núms. 3 e 11 transformadas en moción conxunta, a núm. 4 en declaración institucional, e a núm. 6 retirada e substituída por moción de urxencia da que se aprobou a súa inclusión na presente sesión.**

**Os textos das mocións a tratar na presente sesión son os que a continuación se relacionan:**

### **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA GARANTIR A CONTINUIDADE DAS ARTES DE RÚA DESDE O COMEZO DE 2021**

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

As artes de rúa son unha riqueza e unha característica identitaria cultural de Compostela. Nestes momentos de crise estas manifestacións artísticas e o amplo colectivo de artistas de rúa da cidade están seriamente ameazados, e precisan dun apoio forte e decidido do Concello de Santiago para continuar co desenvolvemento das súas actividades na vía pública municipal. Compre reivindicar estas manifestacións como parte do patrimonio cultural compostelán e que tradicionalmente vitaliza, enriquece e humaniza as nosas rúas

e prazas e que se constitúe nunha parte esencial da programación cultural de Santiago de Compostela.

Na sesión plenaria do 27 de febreiro deste mesmo ano, aprobouse unha moción conxunta, a partir dun texto presentado por Compostela Aberta, que no seu ACORDO indicaba a protección das actividades e emprazamentos das artes na rúa, tal e como se recolle na acta desa sesión plenaria:

*A continuación ten lugar o debate e posterior votación dunha moción conxunta de todos os grupos políticos municipais que substitúe a presentada por CA, co número de rexistro 92, para planificar estratexicamente as artes da rúa no Xacobeo 2021, e o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes acorda, organizar coas distintas áreas competentes do goberno do Concello de Santiago a planificación estratéxica das actividades culturais de rúa para preparar e desprezar o seu correcto desenvolvemento nas prazas, parques e rúas da cidade durante a celebración do Ano Santo 2021, todo elo de forma coordinada co colectivo de artistas de rúa.*

Malia ese compromiso, asumido polo grupo de Goberno, o 22 de setembro o concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade asinou un decreto, con referencia de documento CIR14I2Z1 que resolve:

*SUSPENDER a concesión de autorizacións de ocupacións trimestrais da vía pública, en aplicación da normativa que regula as actividades artísticas que se desenvolven nese espazo, promovidas por particulares, dende o primeiro trimestre do ano 2021, durante o tempo preciso para realizar o estudo e, no seu caso, a modificación destas normas.*

A aplicación dese decreto suporía, na práctica, o incumprimento dun acordo unánime da Corporación municipal, posto que os permisos para desenvolver actividades de artes na rúa estarían suspendidos cando menos durante unha cuarta parte do Ano Xacobeo.

Para levar a cabo o acordo plenario é, pois, preciso elaborar de xeito consensuado unha nova normativa de artes de rúa antes de que remate o presente ano. Desenvolver un estudo desta natureza no tempo que resta de 2020 é posible se se lle dá prioridade, e máis tendo en conta que o colectivo de artistas de rúa xa ten traballo adiantado, xa ten elaborado un diagnóstico, e xa ten propostas concretas sobre a mesa.

A nova normativa deberá acoller as indicacións da Comisión Asesora do Casco Histórico -que está a tratar o tema- así como recoller as reivindicacións do colectivo desenvolvendo disposicións arredor de horarios, tipos de permisos, solicitudes de permisos e prazos, selección de aspirantes, sinalética da actividade a través de placas identificativas, elementos expositivos, emprazamentos individuais, número de exposicións e permisos, número de ubicación e permisos, obrigas concretas de cada actividade, obrigas das persoas con permiso adxudicado de forma desagregada pola natureza da actividade,



responsabilidade e denegación das solicitudes e unha disposición especial pola covid que recolla o axuste aos protocolos sanitarios desta actividade cultural específica.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

1. Que o Goberno presente para a súa aprobación en Pleno municipal unha nova normativa de artes de rúa consensuada co colectivo de artistas de rúa antes do remate deste ano 2020.
2. Que en ningún caso haxa discontinuidade no outorgamento trimestral dos permisos para desenvolver as actividades de artes de rúa, tal e como anuncia a resolución do decreto asinado o 22 de setembro deste ano polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade.

### **MOCIÓN CONXUNT PARA REITERAR O COMPROMISO COA IGUALDADE E LOITA CONTRA AS VIOLENCIAS DE XÉNERO**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Este ano 2020, a conmemoración do Día internacional para a eliminación das violencias contra as mulleres ten unha especial significación. As consecuencias socioeconómicas derivadas da crise da pandemia da covid-19, que afecta a millóns de persoas, agravaron os efectos das desigualdades que atinxen particularmente ás mulleres, tanto dende o punto de vista da sobrecarga de traballo, a maior pobreza e a precariedade laboral, como do aumento do risco de sufrir violencias de xénero.

O confinamento que se adoptou dende marzo a maio de 2020 coma medida sanitaria preventiva, visibilizou a crueza e acrecentou a situación de dificultade en que se atopan moitas mulleres e fillos que conviven cos seus agresores, provocando que teñan maiores impedimentos para conseguir recursos de autoprotección. Isto, unido ao empeoramento das condicións laborais, lastran calquera posibilidade de independencia económica en caso de quererem optar por deixar a relación co maltratador.

Os datos estatísticos publicados polo Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial establecen que durante o primeiro trimestre de 2020 os xulgados en Galicia recibiron un 19,4 % menos de denuncias por violencia machista que no mesmo período do ano pasado. Ese mesmo informe recolle que durante o segundo trimestre deste ano presentáronse en Galicia 1.489 denuncias por violencia machista, un 7,3 % menos que no mesmo período do 2019. Tamén caeu o número de ordes de protección, un 3,7 % menos que doce meses antes.

Sen embargo, a lectura destes datos por parte de profesionais da avogacía, dos e das profesionais dos servizos especializados en atención ás vítimas das violencias de xénero, e dos Corpo e Forzas de Seguridade do Estado é que reflicte a importante incidencia do estado de alarma e confinamento nas estatísticas relacionadas con este tipo de violencias, xa que a partires do mes de xuño de 2020, as e os profesionais que prestan os seus servizos nos dispositivos especializados en atención a mulleres en situación de violencia de xénero están percibindo un aumento da demanda de atención nos servizos especializados o que conleva paralelamente un aumento de denuncias neste ámbito.

A explicación, segundo apuntan os ámbitos sinalados, é que unha vez finalizado o estado de alarma, aproximadamente a partires do mes de xuño de 2020 con motivo da desescalada, as vítimas puideron empezar a saír e denunciar conforme foron recuperando esa liberdade de movemento (en moitos casos relativa), que lles permitiu achegarse a denunciar, ou demandar información e asesoramento.

As cifras oficiais rexistran 36 mulleres asasinadas e tres menores asasinados por violencia machista no conxunto do Estado español, dúas delas en Galicia, e aínda hai varios casos máis pendentes de investigación. A causa de todas estas violencias está directamente relacionada coa hexemonía patriarcal aínda vixente na nosa sociedade. É un problema estrutural, de aí que a súa erradicación esixa a posta en marcha de actuacións de carácter integral e transversal, que busquen transformar esta cultura machista e que promovan unha sociedade plenamente igualitaria.

Segundo a “Macroenquisa da Violencia contra a Muller 2019”, esta realidade afecta ao 35,7% das mulleres galegas. Son máis de 498.000 mulleres as que declararon ter sufrido acoso sexual nalgún momento da súa vida. As mulleres que sufriron ou sofren violencias por parte da súa parella ou exparella sitúase no 33,9% en Galicia, e no 33,6% no conxunto do Estado. Entre as galegas que foron vítimas de violencias, a violencia psicolóxica ocupa un 27,6%, a violencia emocional un 24,1%, a violencia física ou sexual un 16,2%, e a violencia económica un 14,1%. As mulleres vítimas de control nos últimos doce meses foron un 6%. O acoso reiterado afectou ou afecta a un 17,9% das galegas (por enriba do 15,2 % contabilizado a nivel estatal); e case o 60% das galegas vítimas deste tipo de acoso sófreno ou sufrírono cunha frecuencia semanal ou diaria. Este estudo impulsado pola Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero, contou con 9.568 entrevistas, das que 549 se realizaron en Galiza. O obxectivo desta investigación é coñecer o alcance de mulleres de 16 ou máis anos residentes no Estado español que sufriron ou aínda sofren algún tipo de violencia polo feito de seren mulleres.

Todos estes aspectos volven de novo a sinalar a necesidade de que a loita contra este tipo de violencias deba ser unha prioridade institucional e política para as administracións públicas de todos os niveis de goberno. A administración local ten que cumprir coa súa obriga e responsabilidade de achegarse, informar e protexer ás mulleres en situación de

vulnerabilidade por mor das violencias de xénero. Para iso continúaase, no eido local, co compromiso firme e decidido, na implementación de políticas públicas transversais de igualdade de xénero e de políticas de sensibilización contra as violencias de xénero. Santiago de Compostela, coma cidade referente, debe continuar promovendo medidas concretas, actualizando estudos sobre a situación das violencias de xénero, desenvolvendo políticas en materia de igualdade no ámbito preventivo e educativo, achegando recursos económicos, e impulsando campañas que traballen pola erradicación das violencias de xénero co fin de situar esta problemática no centro da axenda política local.

Pero non so en todos os niveis de goberno a loita contra as violencias de xénero ten que ser un prioridade institucional. Tal e como se sinalou o ano pasado, dende o Concello de Santiago vese a necesidade de crear un xulgado específico sobre violencia de xénero no ámbito territorial de Compostela. A evolución do número de denuncias por violencia de xénero, a acumulación de causas no xulgado de Instrución nº3, e as recomendacións para o tratamento especializado destes casos, fan mais que xustificable e razoable a creación deste xulgado específico.

A todo isto, debemos recordar as consecuencias da LGTBfobia, tanto no ámbito educativo como sociolaboral, para o que se ten que analizar o alcance e as medidas a adoptar dende o ámbito municipal para frear co acoso escolar e a discriminación no ámbito laboral.

Así pois, e tendo en conta todo o anterior, os grupos municipais presentan á consideración do Pleno o seguinte:

#### **ACORDO:**

O Concello de Santiago de Compostela:

1. Manterá a loita contra as violentas de xénero como unha das máximas prioridades na axenda política local, ampliando os recursos municipais destinados a loitar contra as violencias machistas, desenvolvendo políticas de prevención e educación para a igualdade entre as veciñas e veciños de Santiago.
2. Actualizará os datos contidos no Observatorio Municipal de Igualdade de Xénero, desde a Concellaría de Igualdade, para poder coñecer mellor a situación das mulleres compostelás, tanto dende o punto de vista socioeconómico como da situación de violencia de xénero.
3. Levará a cabo medidas dirixidas á protección, asistencia e información ás mulleres, adaptándoas á situación de vulnerabilidade provocada pola situación de pandemia da Covid-19.

4. Programará actos e actividades municipais de apoio institucional ao 25 de novembro, Día internacional contra as violencias machistas.
5. Apoiará e colaborará co movemento feminista de Compostela na organización e loxística dos actos do 25-N, e sumaráse ás actividades e mobilizacións que desenvolvan as organizacións feministas galegas contra a violencia machista este 25N.
6. Adoptará as medidas necesarias para que a Casa das Mulleres Xohana Torres poida ser usada por parte dos colectivos feministas para a organización das actividades do 25N.
7. Elaborará, en colaboración cos colectivos LGBTI, unha campaña de prevención da LGBTfobia dirixida aos ámbitos educativo e sociolaboral para contribuír a frear o acoso, discriminacións e violencias por razón de identidade de xénero.
8. Seguirá demandando a creación dun xulgado específico sobre violencia de xénero para o ámbito territorial de Santiago de Compostela.
9. Reforzará o equipo de intervención psicolóxica, xurídica e social do Centro de Información ás Mulleres, conforme aos requisitos establecidos na vixente lexislación.

### **MOCIÓN PARA A REACTIVACIÓN DA ASISTENCIA SANITARIA**

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para a reactivación da asistencia sanitaria.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Esta pandemia ocasionada pola COVID-19 puxo ao límite o noso sistema sanitario. Puxo en evidencia o preciso que é investir en saúde e a repercusión dos 11 anos de recortes aos que someteu o PP o sistema sanitario.

A COVID-19 puxo de manifesto que precisamos un sistema sanitario público forte, cunha Atención Primaria reforzada como porta de entrada, sen recortes, que permita responder ás necesidades de saúde da poboación e na que o persoal sanitario conte con recursos para que as persoas doentes poidan recibir a atención que precisan en cada momento e estar ben dimensionado para abordar as emerxencias sanitarias cando xurdan.

Diante da pandemia a Xunta tomou a decisión de reducir drasticamente a asistencia presencial, o peche de consultorios, algúns centros de saúde e PACs, restrinxir consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas nos hospitais.



A decisión que tomou o Sergas foi que a atención se centraran preferentemente na consulta telefónica, isto está ocasionando moitas dificultadas tanto os profesionais para poder prestar a asistencia sanitaria como no acceso da poboación á mesma.

Á situación de sobrecarga de traballo que padecían os profesionais da Atención Primaria previa ao coronavirus fóronlle engadindo tarefas de diagnóstico, seguimento, illamento, identificación por coronavirus e funcións de rastrexo.

Unha sobrecarga da atención telefónica e da carga burocrática: teléfonos colapsados, o persoal administrativo, os celadores ao límite, soportando unha presión tremenda, é imposíbel xestionar tanta chamada como a que se produce.

As consecuencias son desastrosas, escasísimos profesionais, que están ao límite, cun esgotamento físico e mental insoportábel, listas de espera de semanas, incluso para unha consulta telefónica, doentes crónicos descompensados (persoas hipertensas, diabéticas, con cardiopatías, problemas renais, controis de saúde de pediatría con moitas demoras) persoas facendo cola á intemperie para acceder aos centros.

As demoras para acceder ás prestacións hospitalarias (consultas, probas diagnósticas, intervencións cirúrxicas) que xa eran tremendamente altas, non fan máis que aumentar; seguen sen publicarse as listas de espera que tiñan que terse feito públicas no mes de xullo.

A situación de Santiago de Compostela deriva en que as listas de espera para medicina de familia chegan a superar nalgúns casos unha semana ou incluso 10 días, segundo datos do propio persoal sanitario.

Ademais, existen dificultades de coller cita por internet para a campaña de vacinación antigripal, que obriga a chamar ao centro de saúde, tendo en conta que os teléfonos están xa colapsados, ou ben achegándose presencialmente e contravindo todas as recomendacións en vigor.

Existe sobrecarga de labores administrativos, pois hai numerosas citas para comunicar resultados negativos de PCR, cando en moitos casos xa foi comunicado por SMS. Isto ten especial gravidade no PAC, que sobrecarga moito un servizo que debera ter unha funcionalidade máis enfocada ás urxencias e que, ademais, no caso de Santiago atende unha área moi extensa e supón unha importante carga de traballo a repartir entre o mesmo persoal.

Ademais, segundo as queixas recibidas no BNG, hai pacientes acumulados fóra dos centros á hora das extraccións de analíticas; no centro de saúde Concepción Arenal hai

algunha xente que pode agardar dentro pero a maioría ten que esperar fóra, porque agora hai menos enfermeiras para realizar as extraccións para respectar as distancias interpersoais, pero coa mesma carga de citas.

Esta situación está xerando que cada vez máis persoas estean acudindo á sanidade privada, diante da falta de resposta na sanidade pública, e desprotección da poboación con menos recursos.

A resposta á situación de pandemia non pode estar baseada en incrementar as restricións de acceso á asistencia ao sistema público, porque supón un claro risco para a saúde da poboación. Esta situación pode levarnos a un problema de saúde colectiva, de cronificación de patoloxías, de atención tardía...

É preciso desconfinar a sanidade pública e reactivar a atención presencial con máis persoal, máis información e máis accesibilidade. É preciso dar resposta ás demandas de atención pola COVID-19, mais tamén ao resto das patoloxías.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

## **ACORDO**

O Concello de Santiago de Compostela insta a Xunta ao seguinte:

- 1.- Realizar de inmediato todas as accións precisas para activar a atención presencial en Atención Primaria para dar resposta ás demandas de atención pola COVID 19, mais tamén ao resto das patoloxías e rematar coas listas de espera neste nivel asistencial, co persoal e as medidas de prevención de contaxios precisos, para garantir unha atención sanitaria digna á poboación. Establecer protocolos claros e unificados para a atención presencial de doentes para toda a Atención Primaria.
- 2.- Aumentar nos centros de saúde co número de profesionais que sexa preciso para permitir incrementar o tempo e a calidade da atención asistencial así como incorporar as categorías profesionais imprescindíbeis para formar equipos multidisciplinares e prestar unha atención integral: psicólogos clínicos, terapeutas ocupacionais, logopedas, podólogos...
- 3.- Aumentar os orzamentos destinados a Atención Primaria até chegar ao 25%, no inmediato 200 millóns de euros.

- 4.- Modificar o Decreto que regula as Areas e os Distritos Sanitarios para crear unha estrutura de xestión da Atención Primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos.
- 5.- Publicar de inmediato a situación das listas de espera hospitalarias e poñer en marcha un plan de choque para reducilas.
- 6.- Aumentar as camas, o persoal e a utilización plena e intensiva dos hospitais para atender milleiros de enfermos con graves problemas de saúde.
- 7.- Poñer en marcha plans para afrontar a situación que afecta aos colectivos máis vulnerábeis.
- 8.- Auditar e intervir as residencias de maiores que concentran máis da metade das mortes en Galiza por falta de persoal, recursos e protocolos de actuación. Garantir o acceso de residentes asistencia sanitaria nas mesmas condicións que o resto da poboación.
- 9.- Poñer en funcionamento o Consello de Saúde de Galiza e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria para garantir a implicación e colaboración social na resolución de epidemia.
- 10.- Ofrecer información transparente sobre a pandemia.

### **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA PRESENTAR O MAPA DE NECESIDADES ESCOLARES E A APROBACIÓN DUN PLANO PLURIANUAL DE ACTUACIÓNS NOS CENTROS ESCOLARES DE INFANTIL E PRIMARIA DE SANTIAGO**

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O grupo municipal de Compostela Aberta vén de rematar unha ronda de reunións coas ANPAs dos 13 CEIPS de Santiago co obxectivo de mapear e analizar as necesidades dos centros, neste inicio de curso escolar tan atípico. Esas xuntanzas permitiron realizar unha auditoría das necesidades escolares e recoller as demandas das Asociacións de Nais e Pais, que teñen unha especial relevancia no contexto da crise da COVID no que nos atopamos. Nesta situación, o investimento nos centros educativos e na mellora da calidade das instalacións debe ser un dos eixos dos orzamentos dos próximos anos.

Algunhas das problemáticas trasladadas polas ANPAs nas xuntanzas co grupo municipal

de Compostela Aberta non teñen un custo importante nin unha tramitación administrativa complexa. Outras poderían ser atendidas dentro do contrato de mantemento do departamento de Educación ou nun plano de obras plurianual a desenvolver polo Concello, seguindo o modelo que utilizou o goberno de CA no pasado mandato para abordar a remodelación da maior parte dos parques infantís dos centros educativos, reservando en cada anualidade unha partida para executar actuacións en tres ou catro parques. E outra parte das cuestións demandas son competencia da Consellería de Educación, e polo tanto o Goberno local debería instar á Xunta de Galicia a atendelas.

Nesta ronda de contactos, as ANPAs mostraron a súa preocupación por cuestións xa debatidas nos Plenos pasados e trasladadas pola FANPA en relación ao inicio deste curso, como os problemas de conciliación derivados da falta de actividades extraescolares e a xestión dos comedores escolares do Concello. Tal e como relatan, segue habendo cuestións pendentes de solucionar, como é a situación dos usuarios e usuarias do comedor que non o utilizan de forma continuada. En relación a este servizo, a ANPA do CEIP Arquitecto Casas Novoa trasladou a situación específica do seu centro, no que o comedor, con case 200 crianzas usuarias, é xestionado pola Consellería de Educación. Como é sabido, a Xunta non o está dotando de monitorado para o funcionamento do comedor, mais o Goberno local está a ter unha actuación pasiva, como se o feito de non xestionar o comedor desde o Concello significara que non é un problema dun colexio de Santiago.

En canto ao mantemento e pequenas obras son moitas as demandas das ANPAS, que coinciden en que semella que o nivel de actuacións neste verán foi menor que en anos anteriores. As necesidades neste eido son variadas: cambios de xanelas ou de portas, necesidades de pintado, mudanzas do pavimento que esvara, incremento da potencia eléctrica, reforma de baños... Tamén é necesario rematar co proxecto de remodelación de parques infantís dos centros educativos iniciado por Compostela Aberta, e renovar os elementos de xogos dos poucos CEIPS pendentes. Para iso, cómpre recuperar a dinámica de realización destas pequenas actuacións aproveitando os meses estivais, igual que nos mandatos anteriores. O Goberno tamén debe planificar con tempo outros investimentos de maior calado como a remodelación de pavillóns deportivos, a construción de cubertas nos patios, o acondicionamento de espazos polivalentes, etc. Urxe elaborar un **Plan plurianual de actuacións nos CEIPs de Santiago**, para o que o grupo municipal de Compostela Aberta achega, en **documento anexo**, as demandas recollidas a partir dos encontros coas ANPAS

Nestas reunións, as ANPAS tamén mostraron valoracións comúns e transversais, relacionadas con cuestións como a deficiencia do mantemento das zonas verdes e a limpeza dos instalacións educativas. Todos os anos, antes do inicio do curso escolar, víñase realizando a limpeza das zonas verdes exteriores e de entrada dos centros. Este ano, cando xa transcorreu un mes do comezo do curso, nalgúns centros aínda non se tiña acometido esta limpeza. É o caso do CEIP de Roxos, do CEIP Raiña Fabiola, ou do CEIP

Arquitecto Casas Novoa, onde as paredes exteriores e o chan en patios e beirarrúas están esvaradizos pola acumulación de musgo e suciedade. O mesmo acontece no parque do CEIP Mestre Rodriguez Xixirei e na entrada do pavillón do CEIP Quiroga Palacios. No caso da limpeza das instalacións, malia que nalgúns centros houbo incremento neste curso escolar, o contrato era moi insuficiente en moitos centros, e a limpeza precisa dun maior reforzo, tal e como expresaron as ANPAs do CEIP Arquitecto Casas Novoa, o CEIP Ramón Cabanillas, o CEIP Quiroga Palacios, ou o CEIP Vite.

Outra preocupación común na práctica totalidade das ANPAs téñen que ver coa seguridade viaria na contorna dos centros, sobre todo nas horas de entrada e saída. Existe unha ampla demanda de continuar a expandir programas que medraron no anterior mandato como o Colecamiños, como téñen solicitado a ANPA do Apóstolo Santiago; de ampliar a presenza da Policía Local para ordenar o tránsito nas horas punta en máis zonas da cidade e non só no centro; e de adecuar espazos para a realización de xiros dos autobuses escolares ou facilitar a convivencia entre tránsito rodado e peonil.

Outra das demandas da maioría das ANPAS é a do acondicionamento de máis espazos para usos múltiples nos centros e na súa contorna. Neste sentido, a ANPA das Fontiñas estaría interesada en utilizar a Ludoteca María Miramontes, que incomprensiblemente está pechada; o CEIP do Apóstolo Santiago, o local da Caramoniña; e o CEIP Raiña Fabiola demanda o futuro uso da Casa das Máquinas. Toman unha especial relevancia nestes tempos demandas como os patios cubertos para que os nenos e nenas poidan estar máis tempo en espazos exteriores. A pesar de que o alcalde manifestou publicamente que entre as prioridades do Goberno municipal non está cubrir parques infantís, aínda contando con dispoñibilidade orzamentaria, a comunidade educativa considera de forma xeralizada que existe unha necesidade e alta demanda de cubrir espazos exteriores nos seus centros, ben para espazos de lecer ou para trancorrer dun espazo do centro a outro. Esta demanda, como se reflicte no anexo a esta moción, foi reclamada polas ANPAS dos CEIPS do Raiña Fabiola, do Arquitecto Casas Novoa, do Monte dos Postes, do Pío XII, do CEIP de Roxos, do CEIP de López Ferreiro, do CEIP Ramón Cabanillas.

Así mesmo, varias ANPAS coinciden coa demanda realizada por Compostela Aberta o pasado 30 de setembro, solicitándolle ao Goberno local o financiamento de máscaras e de material de protección para o alumnado, e o monitorado de comedores escolares xestionados polas ANPAS. Son varias as ANPAS que asumiron ese custo a cargos de aforros acumulados.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

Instar ao correspondente órgano de goberno a:

1. Aprobar un plan plurianual de actuacións nos centros escolares de Santiago, onde se recollan, por fases, as demandas das ANPAs de Compostela.
2. Convocar o Consello Escolar, para establecer un diálogo estable coa comunidade escolar, coas diferentes ANPAS e equipas directivas dos centros para establecer as prioridades.
3. Finalizar, no verán do ano 2021, o plan iniciado no mandato anterior de remodelación dos parques infantís dos centros educativos.
4. Incrementar o orzamento do ano 2021 e futuros destinado ao mantemento e conservación dos centros de Ensino.
5. Instar á Consellería de Educación a que acometa as obras demandas dende fai anos, e nalgúns casos tamén comprometidas, por diferentes CEIPs do Concello de Santiago.
6. Instar á Consellería de Educación a que á maior brevidade poña en funcionamento o comedor do CEIP Arquitecto Casas Novoa.

### **MOCIÓN PARA A MELLORA DO PARQUE DE PONTE PEREDA, EN CONXO**

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Desde hai anos, o Parque de Ponte Pereda, situado nas proximidades da glorieta da SC-20 en Conxo, vén padecendo un paulatino deterioro no seu estado e nas súas instalacións que fan que o seu aspecto non se corresponda cun recinto inaugurado en xaneiro de 2004.

As principais deficiencias teñen que ver coa seguridade mais tamén coa estética e coa utilidade social dunha zona verde que presta servizo a un importante conxunto de cidadáns que residen nas súas inmediacións. Nas prazas de aparcamento que circundan a zona verde non é extraordinario atoparse con vehículos con claras mostras de abandono (algún botou varios meses sen motor e coas pezas á vista) e na vía que discorre en paralelo á SC-20 pódense apreciar fallos no pavimento, toxos e silvas e varios tramos deteriorados da tea metálica que serve de protección para o marcado desnivel co trazado da vía de alta capacidade.

Ademais desas mostras da falta de atención ao recinto, as demandas da veciñanza engaden outras moitas deficiencias: o estado do parque infantil (que conserva aínda o chan de area -contra as recomendacións sanitarias-, onde medran as herbas e cun peche desvencellado), a falta de funcionamento da fonte ornamental (cun mecanismo inutilizado



desde hai anos, onde se acumulan lixo, mal olor e insectos), as eivas na pista polideportiva, os pavimentos estragados, varandas, bancos e luminarias sen o necesario mantemento... Todo un conxunto de estragos que non son de hoxe, nin de onte, pero que reclaman unha maior atención e coidado para esta importante zona do barrio de Conxo, tal e como o propio grupo de Goberno propuxo vai para tres anos, cando era oposición.

Á vista das razóns aquí referidas, algunhas das cales se poden comprobar no arquivo fotográfico que se acompaña, o Grupo Municipal Popular proponlle ao Pleno a adopción do seguinte

#### **ACORDO:**

Que por parte do correspondente órgano do Goberno Municipal se planifique e execute unha mellora das deficiencias que presenta o Parque de Ponte Pereda, prestando atención ao seu coidado e mantemento periódico para garantir a súa seguridade e utilidade tamén de cara ao futuro para a veciñanza do barrio de Conxo.

#### **MOCIÓN PARA INSTAR AO GOBERNO DO ESTADO AO INGRESO DA CONTÍA DO IVE SEN LIQUIDAR DE 2017 QUE LLE CORRESPONDE AO CONCELLO**

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

No ano 2017 a Axencia Tributaria (AEAT) implantou un novo sistema de xestión do IVE baseado no Suministro Inmediato de Información (SII), que posibilita a levanza case inmediata dos rexistros de facturación a través da Sede Electrónica da AEAT.

Porén, no informe anual de recadación tributaria da AEAT (ano 2017) constátase que este novo sistema de xestión do IVE provocou un desprazamento de ingresos ao exercicio 2018.

Así, expresamente dise no antedito informe da AEAT: *“La entrada en vigor de esta nueva forma de gestión vino acompañada de un retraso en la fecha límite de presentación de las declaraciones mensuales (del 20 al 30 del mes posterior al mes de devengo). La consecuencia fue que las declaraciones devengadas en un mes cualquiera que anteriormente se contabilizaban en el mes siguiente pasaron en su mayor parte a contabilizarse dos meses más tarde. En el conjunto del año, por tanto, solo se contabilizaron, para las empresas acogidas al nuevo sistema, 11 meses de ingresos (el mes de noviembre que antes se recaudaba dentro del año pasó a registrarse en enero del*



*año siguiente). Junto a este desplazamiento de ingresos, el nuevo sistema posibilitó una realización más ágil de las devoluciones, de manera que también por este lado hubo una disminución de ingresos: devoluciones mensuales correspondientes a los últimos meses del año que antes se hubiesen realizado en los primeros meses del siguiente, se realizaron dentro del año 2017. En total ambos cambios significaron un traslado de ingresos de 2017 a 2018 por valor de 4.150 millones”.*

Como consecuencia da implantación desta medida, a participación das entidades locais nos Ingresos Tributarios do Estado (ITE) caeu dun xeito significativo. As cuantificacións realizadas superan a cifra dos 750 millóns de euros, dos que 54 millóns lle corresponderían aos 313 concellos e ás 4 deputacións galegas.

O desaxuste contable deriva dunha decisión tomada polo Ministerio de Facenda cuxo impacto, en virtude do principio de lealdade institucional, debeu ser compensado no exercicio da liquidación. Sen embargo, sucedeu o contrario, obrigóuselle as entidades locais a reintegrar unhas importantes contías ao Estado en virtude dunha liquidación viciada polo efecto do SII (-32,8 millóns de euros no total de Galicia).

No caso do Concello de Santiago de Compostela, a estimación de entregas a conta do ano 2017 foi de 19.429.216,58€ e a participación nos ITE tras a implantación SII reduciuse a 18.801.688,87€, o que nos obrigou a reintegrar ao Estado -627.527,71€. Polo tanto, o Estado debería devolvernos esta contía, así como ingresarnos os 338.459,28€ que nos corresponderían pola liquidación na participación nos Ingresos Tributarios do Estado se non se aplicou o SII, máis 190.939,32€ pola cesión directa de IVE. Isto faría un total de 1.156.926,30€ (627.527,71€+338.459,28€+190.939,32€).

A FEGAMP e a FEMP reclamáronlle en varias ocasións ao Ministerio de Facenda unha solución a esta problemática, asegurando os seus máximos representantes que esta situación non tiña “xustificación real” ou que se estaba a falar co Goberno de España para recuperar o diñeiro do IVA. Porén, os meses pasan e nestes momentos os concellos no seu conxunto, e o noso en particular, necesitamos, non só recuperar uns ingresos que lexitimamente nos pertencen, senón tamén liquidez para facer fronte as necesidades sanitarias e sociais derivadas da pandemia.

Estamos ante unha situación inxusta e prexudicial para os municipios galegos que con esta demora vemos diminuída a nosa capacidade de financiamento e os nosos recursos.

Por iso, en relación con esta cuestión, o Grupo Municipal Popular proponlle ao Pleno a adopción do seguinte

**ACORDO:**



Declarar o apoio do Concello de Santiago de Compostela ás reivindicacións da FEGAMP e da FEMP para que o Goberno de España lle ingrese ás entidades locais as contías do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do Subministro Inmediato de Información (SII).

Instar ao Ministerio de Facenda a que lle ingrese a este Concello 1.156.926,30€ en concepto de cantidade non liquidada de IVE correspondente ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do Subministro Inmediato de Información (SII).

Dar traslado destes acordos ao Ministerio de Facenda, á Xunta de Galicia, a FEGAMP e á FEMP.

### **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA QUE OS CONCELLOS RECIBAN 1/3 DAS AXUDAS CON ORIXE NOS FONDOS EUROPEOS DE RECUPERACIÓN**

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Os concellos son a administración pública máis próxima da cidadanía e a que mellor coñece as súas necesidades. Así mesmo, son os concellos quen ofrecen grande parte dos servizos básicos, xeran espazos públicos urbanos, contribúen a xerar emprego, coidan das persoas e do medio ambiente, articulan a convivencia, manteñen o espazo público e moitos outros servizos públicos que transcenden na calidade de vida das persoas.

A pesar disto, son as administracións que menos dispoñen dun financiamento seguro, no marco xeral dun sistema inxusto, discriminatorio e insuficiente. Manexando escasamente o 15% do total do gasto público realizado no conxunto do Estado, situado nuns 70.000 millóns de euros, e contando escasamente co 20% dos 2.500.000 millóns de empregados e empregadas públicas. Unha situación en desvantaxe con outros niveis administrativos que evidencia que o Estado español aínda téñen pendente a necesaria reforma municipal que permita un financiamento suficiente e sostible dos concellos, con criterios de progresividade, xustiza social e sostibilidade ambiental. O sistema de financiamento dos Concellos está moi alonxado dos parámetros das entidades locais doutros países europeos e é unha reivindicación histórica do municipalismo e da FEMP a participación nun 33% para os Concellos. E aínda así, o propio ‘Plan presupuestario 2020 do Reino de España’ reconece que as entidades locais veñen obtendo resultados fiscais de superavit desde o 2012.

Neste contexto estrutural, España recibirá nos próximos seis anos 140.000 millóns de euros do Fondo de Recuperación da Unión Europea para combater a crise da Covid-19. Unha cifra que semella dunha dimensión enorme se temos en conta que os fondos gastados no sexenio 2014-2020 no alcanzaron nin os 16.000 millóns. Ademais, o 70% destes fondos terán que ser destinados a proxectos específicos xa entre o ano 2021 e 2022. O 30% restante terá que asignarse no 2023 aínda que os pagamentos poderán prolongarse ata o ano 2026.

Estamos, polo tanto, diante dun período moi breve de tempo no que as administracións públicas terán que executar un gasto moi superior aos fondos estruturais de investimento asignados en 2014-2020, que eran 40.000 millóns de euros e que chegaran ao mesmo tempo que o resto de fondos comunitarios. Un reto para a capacidade de gasto das administracións públicas e no que deberían ter capacidade de decisión todos os seus niveis, tamén, e especialmente, o local.

Os concellos poden ser unha ferramenta fundamental para executar ese gasto e, ademais, poden recoñecer mellor as necesidades máis inmediatas das poboacións locais. Unha proximidade que é aínda máis útil no actual contexto de crise sanitaria e económica, por iso debe garantirse que no reparto destes fondos tamén se conta cos Concellos, ben sexa a través de asignacións directas ben sexa mediante proxectos transversais e supramunicipais.

Unha coordinación e transversalidade que cómpre facer dentro do marco institucional galego e para o que cómpre establecer un modelo de diálogo entre as administracións públicas, axentes sociais e axentes socioeconómicos galegos, para poder garantir que as iniciativas e propostas financiadas a través destes fondos son as máis necesarias.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

1. Instar ao goberno do Estado a organizar un mecanismo de reparto do Fondo de Recuperación europeo para que este poida ser executado nun 33% polos Concellos, un 20% de xeito directo e un 13% en proxectos transversais ou supramunicipais.
2. Instar á Xunta de Galicia a impulsar un mecanismo de diálogo entre as administracións públicas, axentes sociais e axentes socioeconómicos galegos para a correcta administración Fondo de Recuperación europeo no noso país.
3. Dar conta deste acordo aos órganos de goberno da FEGAMP, da FEMP, así como a todos os grupos do Parlamento de Galicia, e a todos os grupos que contan con representación galega nas cortes do Estado.



## **MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA RECLAMAR MEDIDAS PARA PALIAR OS EFECTOS DA DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA (R.D. 926/2020) DO DOMINGO 25 DE OUTUBRO EN SANTIAGO**

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O pasado domingo día 25, días despois de ter finalizado o prazo para presentar mocións para o Pleno deste mes de outubro, o Goberno español mediante o Real Decreto 926/2020 declarou o Estado de Alarma ante o preocupante incremento dos casos de contaxio e hospitalizacións por mor da Covid-19. O Executivo estatal xustificou esta medida na profundidade da segunda vaga do coronavirus, que está a superar por moito e por múltiples motivos, entre eles a maior cantidade de PCRs e controis realizados, a primeira vaga de contaxios da pasada primavera.

Ata o domingo as administracións públicas estaban á expectativa dos acontecementos, con diferentes criterios de interpretación dos datos e polo tanto de adopción de medidas concretas. A partir do domingo, a situación é clara e require de medidas urxentes e decididas por parte do Concello de Santiago e, especialmente, da Xunta de Galicia. En canto á administración autonómica, o propio Real Decreto 926/2020 indica responsabilidades concretas e decisións que non poden ser nin postergadas nin delegadas nunha suposta asunción de competencias por parte da administración central ou os propios concellos.

O Concello de Santiago ten que analizar cal vai ser a situación real e as necesidades da cidade ata o 9 de maio, en previsión de que o estado de alarma teña un impacto preocupante na economía local, especialmente na hostalería, que verá como ás limitacións de aforo xa existentes se engaden limitacións horarias. Tamén na Cultura, que se verá obrigada a cancelar numerosos eventos e representacións ao vivo por mor das restricións. No transporte público a prioridade ten que ser a seguridade sanitaria, e calquera acordo coas empresas concesionarias das liñas debe estar supeditado ao interese público xeral. Este é un elemento moi relevante por causa da limitación de aforos nos vehículos, así como na decisión sobre ampliación de frecuencias nas liñas. Pero, especialmente, urxe reorientar a totalidade do gasto do futuro orzamento de 2021 e o uso do superávit pendente de 2019 cara a seguridade sanitaria e a cobertura social da veciñanza de Santiago, para termos recursos para combater un evidente aumento do risco de pobreza e de exclusión social que xa é notorio.

Especialmente urgente é que a Xunta de Galicia asuma as súas competencias, por unha parte, en canto ás respostas inmediatas de apoio, vía axudas directas, aos sectores máis afectados polo estado de alarma; e por outra, en materia sanitaria e de capacidade normativa vinculada, ou non, ao propio estado de alarma. É a Xunta quen ten que reforzar os servizos sanitarios porque, ademais da COVID-19, hai milleiros de pacientes esperando operacións, mesmo diagnoses de patoloxías graves. É a Xunta quen ten que reforzar a Atención Primaria, que xa está a sufrir o estrés da situación sanitaria e dun posible novo colapso hospitalario. É a Xunta quen ten que tomar decisións en canto á extensión horaria da limitación de circulación das persoas en horario nocturno, mobilidade da comunidade autónoma, número máximo de persoas en xuntanzas sociais e familiares, etc. E é tamén o Goberno galego quen pode e debe poñer recursos para a promoción económica en sectores que van sufrir dun xeito máis profundo a situación xerada por esta nova vaga da pandemia, sectores que son fundamentais en Santiago como o sector servizos, o comercio ou a hostalería.

Así pois, tendo en conta o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

**ACORDO:**

Instar ao correspondente órgano do Concello de Santiago a:

1. Convocar de urxencia o Consello Económico e Social, incorporando xa as entidades de economía social, para coñecer a súa análise e iniciativas sobre as necesidades máis urxentes, antes da elaboración e aprobación dos Orzamentos para o ano 2021
2. Convocar de urxencia a Mesa municipal do Comercio para valorar as necesidades máis inmediatas e urxentes do sector e das asociacións comerciais ante o novo estado de alarma.
3. Convocar con urxencia aos sectores da Cultura, a Hostalería e o ocio nocturno, e definir as medidas adicionais a implementar durante o vixente estado de alarma.
4. Orientar os recursos económicos destinados aos festexos de Nadal para realizar campañas de fomento do comercio de proximidade e habilitar axudas directas tanto para o comercio local como para a hostalería e o sector cultural.
5. Establecer de urxencia a limitación do aforo en autobuses ao 50% e o aumento análogo das frecuencias na mesma porcentaxe, especialmente nas horas puntas e nas liñas que conectan os barrios cos centros hospitalarios e educativos.

Instar á Xunta de Galicia a:

1. Exercer a competencia recollida no Real Decreto 926/2020 e marcar o límite de circulación das persoas nas 00:00 dando así máis marxe aos negocios hostaleiros para ir adaptándose á nova realidade en canto a horarios do personal, limpeza e recollida dos establecementos, etc...
2. Reforzar con máis persoal e recursos os servizos sanitarios da Área de Santiago, especialmente na sobrecargada Atención Primaria e nos complexos hospitalarios co obxectivo de evitar novas demoras en operacións e diagnoses urxentes.
3. Reorientar o Xacobeo 2021 redirixindo parte dos seus recursos -por exemplo os destinados a grandes eventos que non se poderán celebrar en grande parte do ano- a habilitar liñas de axudas directas e fondos de compensación destinados ao sector cultural, comercial e hosteleiro da cidade.

**As anteriores mocións foron presentadas emendas por parte dos grupos políticos municipais que figuran no expediente da sesión, e as que foron aceptadas están recollidas nos respectivos acordos adoptados.**

Auséntanse no transcurso do debate da primeira moción a tratar o Sr. Alcalde e D. Gumersindo Guinarte pasando a presidir Dña. Mercedes Rosón Ferreiro, pero reincorpóranse á mesma antes da votación.

A continuación, e en relación ás distintas mocións presentadas polos grupos políticos municipais, adoptáronse os seguintes acordos:

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta o día 16 de outubro do corrente ano, número de rexistro 314, para garantir a continuidade das artes de rúa dende o comezo de 2021, á que presentou emenda o grupo municipal do Partido Popular e que non foi aceptada, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (5 CA e 2 BNG) e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do Partido Popular (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), acorda:

1. Que o goberno presente para a súa aprobación en Pleno municipal unha nova normativa de artes de rúa consensuada co colectivo de artistas de rúa antes do remate deste ano 2020.
2. Que en ningún caso haxa discontinuidade no outorgamento trimestral dos permisos para desenvolver as actividades de artes de rúa, tal e como anuncia a resolución do decreto asinado o 22 de setembro deste ano polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade.

Con respecto á moción conxunta para reiterar o compromiso coa igualdade e loita contra a violencia de xénero, asinada polos catro grupos políticos municipais, que substitúe á proposición de CA, máis ás mocións do grupo municipal do BNG e do Partido Popular sobre a mesma tema, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda que o concello:

1. Manteña a loita contra as violentas de xénero como unha das máximas prioridades na axenda política local, ampliando os recursos municipais destinados a loitar contra as violencias machistas, desenvolvendo políticas de prevención e educación para a igualdade entre as veciñas e veciños de Santiago.
2. Actualice os datos contidos no Observatorio Municipal de Igualdade de Xénero, desde a Concellaría de Igualdade, para poder coñecer mellor a situación das mulleres compostelás, tanto dende o punto de vista socioeconómico como da situación de violencia de xénero.
3. Leve a cabo medidas dirixidas á protección, asistencia e información ás mulleres, adaptándoas á situación de vulnerabilidade provocada pola situación de pandemia da Covid-19.
4. Programe actos e actividades municipais de apoio institucional ao 25 de novembro, Día internacional contra as violencias machistas.
5. Apoie e colaborará co movemento feminista de Compostela na organización e loxística dos actos do 25-N, e sumarase ás actividades e mobilizacións que desenvolvan as organizacións feministas galegas contra a violencia machista este 25N.
6. Adopte as medidas necesarias para que a Casa das Mulleres Xohana Torres poida ser usada por parte dos colectivos feministas para a organización das actividades do 25N.
7. Elabore, en colaboración cos colectivos LGBTI, unha campaña de prevención da LGBTfobia dirixida aos ámbitos educativo e sociolaboral para contribuír a frear o acoso, discriminacións e violencias por razón de identidade de xénero.
8. Siga demandando a creación dun xulgado específico sobre violencia de xénero para o ámbito territorial de Santiago de Compostela.
9. Reforce o equipo de intervención psicolóxica, xurídica e social do Centro de Información ás Mulleres, conforme aos requisitos establecidos na vixente lexislación.

Auséntase o señor interventor.



No tocante á moción presentada polo grupo municipal do BNG con data 20 de outubro do corrente ano, núm. 327, para a reactivación da asistencia sanitaria, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, de Compostela Aberta e do PSdeG-PSOE (2 BNG, 5 CA e 10 PSdeG-PSOE) e 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda instar a Xunta a:

- 1.- Realizar de inmediato todas as accións precisas para activar a atención presencial en Atención Primaria para dar resposta ás demandas de atención pola COVID 19, mais tamén ao resto das patoloxías e rematar coas listas de espera neste nivel asistencial, co persoal e as medidas de prevención de contaxios precisos, para garantir unha atención sanitaria digna á poboación. Establecer protocolos claros e unificados para a atención presencial de doentes para toda a Atención Primaria.
- 2.- Aumentar nos centros de saúde co número de profesionais que sexa preciso para permitir incrementar o tempo e a calidade da atención asistencial así como incorporar as categorías profesionais imprescindíbeis para formar equipos multidisciplinares e prestar unha atención integral: psicólogos clínicos, terapeutas ocupacionais, logopedas, podólogos...
- 3.- Aumentar os orzamentos destinados a Atención Primaria até chegar ao 25%, no inmediato 200 millóns de euros.
- 4.- Modificar o Decreto que regula as Areas e os Distritos Sanitarios para crear unha estrutura de xestión da Atención Primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos.
- 5.- Publicar de inmediato a situación das listas de espera hospitalarias e poñer en marcha un plan de choque para reducilas.
- 6.- Aumentar as camas, o persoal e a utilización plena e intensiva dos hospitais para atender milleiros de enfermos con graves problemas de saúde.
- 7.- Poñer en marcha plans para afrontar a situación que afecta aos colectivos máis vulnerábeis.
- 8.- Auditar e intervir as residencias de maiores que concentran máis da metade das mortes en Galiza por falta de persoal, recursos e protocolos de actuación. Garantir o acceso de residentes asistencia sanitaria nas mesmas condicións que o resto da poboación.

9.- Poñer en funcionamento o Consello de Saúde de Galiza e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria para garantir a implicación e colaboración social na resolución de epidemia.

10.- Ofrecer información transparente sobre a pandemia.

A moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, o día 21 de outubro do corrente ano, número de rexistro 336, relativa ao mapa de necesidades escolares, e que foi debatida conxuntamente coa proposición do BNG relativa aos arranxos dos centros de ensino, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano de goberno a:

1. Aprobar un plan plurianual de actuacións nos centros escolares de Santiago, onde se recollan, por fases, as demandas das ANPAs de Compostela.
2. Convocar o Consello Escolar, para establecer un diálogo estable coa comunidade escolar, coas diferentes ANPAS e equipas directivas dos centros para establecer as prioridades.
3. Finalizar, no verán do ano 2021, o plan iniciado no mandato anterior de remodelación dos parques infantís dos centros educativos.
4. Incrementar o orzamento do ano 2021 e futuros destinado ao mantemento e conservación dos centros de Ensino.
5. Instar á Consellería de Educación a que acometa as obras demandas dende fai anos, e nalgúns casos tamén comprometidas, por diferentes CEIPs do Concello de Santiago.
6. Instar á Consellería de Educación a que á maior brevidade poña en funcionamento o comedor do CEIP Arquitecto Casas Novoa.

No tocante á moción presentada polo Partido Popular, o día 21 de outubro do corrente ano, núm. 344, para a mellora do parque de Ponte Pereda de Conxo, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda que por parte do correspondente órgano do goberno municipal se planifique e execute unha mellora das deficiencias que presenta o parque de Ponte Pereda, prestando atención ao seu coidado e mantemento periódico para garantir a súa seguridade e utilidade tamén de cara ao futuro para a veciñanza do barrio de Conxo.

A moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, con rexistro de entrada do día 21 de outubro do corrente ano, núm. 343, para instar ao goberno do estado ao

ingreso da contía do IVE sen liquidar de 2017, á que presentou emenda o grupo municipal do PSdeG-PSOE e que non foi aceptada, e tras a votación o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do PSdeG-PSOE, acorda:

1. Declarar o apoio do Concello de Santiago de Compostela ás reivindicacións da FEGAMP e da FEMP para que o Goberno de España lle ingrese ás entidades locais as contías do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do Subministro Inmediato de Información (SII).
2. Instar ao Ministerio de Facenda a que lle ingrese a este Concello 1.156.926,30€ en concepto de cantidade non liquidada de IVE correspondente ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do Subministro Inmediato de Información (SII).
3. Dar traslado destes acordos ao Ministerio de Facenda, á Xunta de Galicia, a FEGAMP e á FEMP.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, con rexistro de entrada do día 21 de outubro do corrente ano, número de rexistro 345, para que os concellos reciban 1/3das axudas con orixe nos fondos Europeos de recuperación, á que presentaron emendas os grupos municipais do BNG e do PSdeG-PSOE, e tras ser transaccionadas estas emendas por unha do BNG, e ser admitida por CA, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (10 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

1. Instar ao goberno do Estado á xestión compartida por parte do goberno galego dos fondos de recuperación europea, nun modelo en que participen tamén os concellos en colaboración directa coa FEGAMP como órgano que os representa.
2. Instar á Xunta de Galicia a impulsar un mecanismo de diálogo entre as administracións públicas, axentes sociais e axentes socioeconómicos galegos para a correcta administración Fondo de Recuperación europeo no noso país.
3. Dar conta deste acordo aos órganos de goberno da FEGAMP, da FEMP, así como a todos os grupos do Parlamento de Galicia, e a todos os grupos que contén con representación galega nas Cortes do Estado.

A moción de urxencia presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para paliar os efectos da declaración do estado de alarma o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego (5 CA e 2 BNG), e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE, acorda:

a) Instar ao correspondente órgano do Concello de Santiago a:

1. Convocar de urxencia o Consello Económico e Social, incorporando xa as entidades de economía social, para coñecer a súa análise e iniciativas sobre as necesidades máis urxentes, antes da elaboración e aprobación dos Orzamentos para o ano 2021
2. Convocar de urxencia a Mesa municipal do Comercio para valorar as necesidades máis inmediatas e urxentes do sector e das asociacións comerciais ante o novo estado de alarma.
3. Convocar con urxencia aos sectores da Cultura, a Hostalería e o ocio nocturno, e definir as medidas adicionais a implementar durante o vixente estado de alarma.
4. Orientar os recursos económicos destinados aos festexos de Nadal para realizar campañas de fomento do comercio de proximidade e habilitar axudas directas tanto para o comercio local como para a hostalería e o sector cultural.
5. Establecer de urxencia a limitación do aforo en autobuses ao 50% e o aumento análogo das frecuencias na mesma porcentaxe, especialmente nas horas puntas e nas liñas que conectan os barrios cos centros hospitalarios e educativos.

b) Instar á Xunta de Galicia a:

1. Exercer a competencia recollida no Real Decreto 926/2020 e marcar o límite de circulación das persoas nas 00:00 dando así máis marxe aos negocios hostaleiros para ir adaptándose á nova realidade en canto a horarios do personal, limpeza e recollida dos establecementos, etc...
2. Reforzar con máis persoal e recursos os servizos sanitarios da Área de Santiago, especialmente na sobrecargada Atención Primaria e nos complexos hospitalarios co obxectivo de evitar novas demoras en operacións e diagnoses urxentes.
3. Reorientar o Xacobeo 2021 redirixindo parte dos seus recursos -por exemplo os destinados a grandes eventos que non se poderán celebrar en grande parte do ano- a habilitar liñas de axudas directas e fondos de compensación destinados ao sector cultural, comercial e hostaleiro da cidade.



E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente a da por finalizada sendo as 22:21 horas do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Asdo: Xosé A. Sánchez Bugallo

Asdo: José Ramón Alonso Fernández